O monocultivo de eucalipto dificulta o desenvolvemento rural, reduce a biodiversidade, agrava o risco de incendios e erosiona a multifuncionalidade histórica



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35774
Data envio: 07/10/2025 09:03:11.147

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do monte galego, restando capacidade económica, social e ambiental ao territorio e facilitando a concentración do beneficio nun sector papeleiro alleo á economía local.

A primeira revisión do Plan Forestal de Galiza(2021) xa recoñece a necesidade urxente de frear a expansión desta especie, recomendando reducir ou estabilizar a súa superficie. Cómpre actuar con decisión, transparencia e rigor técnico para garantir un monte diversificado, resiliente ao cambio climático e con valor multifuncional para as comunidades locais.

A día de hoxe, e en relación co incumprimento dos compromisos oficiais, calquera aumento das plantacións de eucalipto iría frontalmente en contra das propostas da primeira revisión do Plan Forestal de Galiza(Xunta de Galicia, 2021), na que se argumentaba que sería desexable reducir, ou polo menos manter estable, a superficie total ocupada por plantacións de eucalipto en Galicia.

Non obstante, os datos do Inventario Forestal Continuo evidencian que non só non se reduciu a presenza do eucalipto, senón que aumentou: de 370.000 hectáreas en 2011 a máis de 419.000 en 2023, moi lonxe do obxectivo oficial de reducir a súa ocupación.

Existen áreas onde a intervención resulta especialmente urxente e xustificada:

• A Rede Natura 2000, onde cómpre eliminar progresivamente os eucaliptos que afectan a hábitats prioritarios ou degradan bosques autóctonos.

• Parques naturais como As Fragas do Eume, onde diversos estudos detectan unha perda do 17% do bosque autóctono e un aumento do 48% das superficies de eucalipto en 25 anos.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35774
Data envio: 07/10/2025 09:03:11.147

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Zonas húmidas, beiras de ríos e pozas, polas súas condicións ecolóxicas sensibles e o valor para os ecosistemas de ribeira.

• Terras que anteriormente eran agrarias, onde existen restricións legais para plantar eucalipto.

• Montes veciñais e comunais, onde moitas comunidades impulsan proxectos de substitución por especies autóctonas.

• Comarcas con elevado risco de lumes, onde a concentración de eucaliptos potencia a propagación rápida do lume.

E finalmente, a investigación científica e as experiencias prácticas locais demostran que a eliminación de eucaliptos en espazos agrícolas xera múltiples beneficios:

• Recuperación ambiental e biodiversidade: restaura a fertilidade e estrutura do solo, favorece a diversidade de flora e fauna.

• Rendibilidade agraria: permite empregar os espazos para agricultura, pastos ou sistemas agroforestais diversificados.

• Protección hídrica: mellora a xestión da auga ao reducir o consumo masivo desta especie.

• Redución de riscos ambientais: baixa significativamente o risco de incendios.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35774
Data envio: 07/10/2025 09:03:11.147

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Prorrogar e converter en indefinida a moratoria vixente sobre novas plantacións de eucalipto, ata contar cunha normativa e planificación específica que garanta a recuperación do monte autóctono e a protección da biodiversidade.

2. Promover un programa integral de eliminación progresiva das plantacións de eucalipto ilegais, especialmente en áreas de Rede Natura 2000, parques naturais, zonas húmidas, beiras de ríos, terras anteriormente agrarias e comarcas con alto risco de incendio.

3. Garantir a restauración ambiental das áreas afectadas por plantacións ilegais de eucalipto, facilitando as comunidades de montes e propietarios os apoios técnicos, económicos e fiscais para a diversificación produtiva.

4. Impulsar o modelo de paisaxe mosaico, combinando especies autóctonas, árbores de distintas idades e devasas verdes que actúen como barreiras naturais ao lume e incrementen a biodiversidade e o valor paisaxístico.

5. Facilitar transparencia total facendo públicos os datos do Inventario Forestal Continuo correspondentes a 2024 e todos os anos posteriores, así como o rexistro completo actualizado da superficie ocupada por eucalipto.

6. Incrementar os recursos para inspección, investigación e sancións efectivas das plantacións ilegais, garantindo a eficacia das medidas aprobadas".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35774
Data envio: 07/10/2025 09:03:11.147

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 07/10/2025 8:52:55
Sonia Vidal Lamas na data 07/10/2025 8:53:01
Ariadna Fernández González na data 07/10/2025 8:53:08
Secundino Fernández Fernández na data 07/10/2025 8:53:16
Luis Bará Torres na data 07/10/2025 8:53:22

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35774
Data envio: 07/10/2025 09:03:11.147

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 9:03:11**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle** e **Magdalena Pérez Millares,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

## Exposición de motivos

O anteproxecto da nova Lei de Cooperativas de Galicia é un texto lexislativo chamado a fortalecer e modernizar o cooperativismo galego no seu conxunto, poñendo o foco na capacidade desta fórmula para seguir impulsando a creación de novas iniciativas en sectores clave para o territorio, proporcionándolles maior seguridade xurídica e ferramentas máis claras e adaptadas á nova realidade socioeconómica.

A futura Lei de Cooperativas non é simplemente unha actualización técnica dunha norma de hai máis de 25 anos, redactada nun contexto económico e social ben diferente. Incorpora medidas de simplificación administrativa e de reforzo de dixitalización e profesionalización do sector para facilitar tanto a creación e posta en marcha de novas cooperativas como a xestión e consolidación das xa existentes, reforzando a súa presenza en todo o territorio galego.

Deste xeito, a futura Lei permitirá seguir reforzando un sector en pleno auxe que, por primeira vez na historia, supera o fito das 2.000 cooperativas activas, máis do 5% do PIB galego. Neste marco, o anteproxecto, elaborado tras un amplo proceso participativo co sector, persegue consolidar estes datos e reforzar o papel do cooperativismo na creación de emprego e no impulso do emprendemento, especialmente no rural.

Asinado o día 26/09/2025 ás 11:22
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A norma actualizará, entre outras cuestións, o réxime xurídico, incorporará ferramentas para mellorar a xestión e facilitará a posta en marcha de novos proxectos, fortalecendo a autonomía organizativa das entidades e reforzando a promoción e formación. Este paso é previo á tramitación legal preceptiva, antes da súa aprobación definitiva nos vindeiros meses.
Para potenciar este esforzo, o Goberno galego lembra a necesidade de que o Estado actualice a Lei de Réxime Fiscal das Cooperativas para que se adapta á nova realidade e, así, equiparar a súa competencia coas outras entidades xurídicas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que lle solicite a actualización da súa Lei de Réxime Fiscal das Cooperativas”.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 11:22:50
Nº Rexistro: 34848
Data envio: 26/09/2025 11:22:50.966

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 26/09/2025 11:22:33**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 11:22:50
Nº Rexistro: 34848
Data envio: 26/09/2025 11:22:50.966

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 11:22:51**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 11:58:51
Nº Rexistro: 34854
Data envío: 26/09/2025 11:58:51.558

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/09/2 11:57 Por Ana Pontón Monc

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Óscar Insua Lema** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a demanda á AEAT do estado para mellorar as condicións do Servizo de Vixilancia Aduaneira en Galiza.

Asinado o día 26/09/2025 ás 11:57 Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Vixilancia Aduaneira (SVA) é un corpo especializado da Axencia Tributaria que desenvolve funcións esenciais na loita contra o narcotráfico, o contrabando, a fraude fiscal e outros delitos económicos, especialmente relevantes no contexto galego, dada a súa situación xeoestratéxica e a historia de actividade ilícita asociada ás súas costas.

En Galiza, que conta con máis de 1.500 km. de costas, o SVA desempeña un papel fundamental na seguridade cidadá e no control das actividades ilícitas, colaborando de maneira continua con outras forzas e corpos de seguridade do Estado. Non obstante, nos últimos anos, a situación laboral e operativa deste corpo viuse deteriorada debido a múltiples factores:

Asinado o día 26/09/2025 ás 11:57 Por Óscar Insua Lema

- Falla de persoal e envellecemento do cadro de traballadores sen relevo xeracional. Acaban de deixar 70 vacantes das 160 prazas ofertadas no proceso selectivo que se está a realizar actualmente.

- Precarización das condicións laborais nunha profesión non declarada de risco, cunha alta carga de traballo e coa falla de retribución de horas extraordinarias.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 11:58:51
Nº Rexistro: 34854
Data envio: 26/09/2025 11:58:51.558

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Inoperatividade por falla de medios materiais.

- Deficiente cooperación e coordinación na investigación de operacións entre as distintas forzas e corpos de seguridade.

Estas carencias poñen en risco a eficacia do servizo, dificultan a retención de persoal cualificado e comprometen a seguridade dos propios axentes, ademais de afectar negativamente á capacidade de resposta fronte ás redes criminais cada vez máis complexas e organizadas. Hai quince días aprehenderonse máis de 3.000 quilos de cocaína na Pobra do Caramiñal, na chamada operación Saona, transportados cun narcosubmarino segundo as investigacións, o que supón unha demostración de que seguimos a ser a porta de entrada para a droga provinte de Suramérica.

Resulta preocupante para a sociedade ler nos xornais que a información compartida no proxecto "Global Drug Intelligence Network (GDIN)", neste caso xestionado pola Garda Civil, evidencia que até o 2024 recibíase unha alerta cada trimestre informando da chegada dun narcosubmarino, mais no 2025 as alertas disparáronse até chegar a cinco ao mes. Nos pasados meses de xullo e agosto, recibiron máis de cinco alertas mensuais da chegada destes artefactos artesanais, pero que contan con alta tecnoloxía.

Este verán evidenciouse claramente a desprotección da costa fronte ás redes internacionais de narcotraficantes, ao darse de baixa definitivamente as embarcacións das bases de Ribadeo e Muros, as constantes reparacións dos barcos pola antigüidade dos mesmos, e a paralización do helicóptero con base en Vigo por razóns de mantemento, que chegou a estar 6 meses e 1 semana parado. No mes de xullo houbo unha semana na que todas as embarcacións do SVA estiveron de reparacións en estaleiros, quedando a costa totalmente libre para a entrada de alixos de droga.



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe unha necesidade extrema de renovar a flota marítima de vixilancia aduaneira, como vimos denunciando dende hai tempo e como deixamos patentes non hai moito nesta mesma comisión. As embarcacións teñen demasiado anos e sobrepasan con creces o tempo de servizo previsto para o que foron deseñadas, e seguen sen ser substituídas por novas lanchas. Os últimos contratos de subministración destes barcos están executándose a conta gotas, con retrasos e con deficiencias estruturais e de estabilidade que están a corrixirse continuamente, como está a pasar coas oito patrulleiras de alta velocidade ou como ocorreu coa patrulleira “condor”, e non está garantido que os seus destinos sexan as bases marítimas galegas.

Esta situación de ineficacia, fixo que recentemente se fixeran cambios na cúpula de mando deste servizo no ministerio de Facenda, relevando ao director do Servizo de Vixilancia Aduaneira, Ángel Delgado Bernaldo de Quirós, e o subdirector de Operacións, Manuel Montesinos Díez de la Lastra, nomeados anos atrás polo Ex-ministro de facenda Cristobal Montoro, tras as súas dimisións a petición propia, aínda que distintos sindicatos achacan o relevo a causas ben distintas do cansazo e motivos persoais alegadas polos mesmos. Fernando Iglesias, ata agora xefe do SVA en Galiza, será o novo responsable da Subdirección Xeral de Operacións do departamento de Aduanas e Impostos Especiais, polo que o seu antigo posto en Galiza quedou e segue vacante, o que provoca máis preocupación e incerteza no servizo aduaneiro.

Á vista de que a Axencia Tributaria non aportou ningunha solución para que as bases marítimas galegas conten con novas embarcacións,  é necesario adoptar medidas inminentes para que a costa galega siga protexida e vixiada, máxime cando Corpos e forzas de seguridade manifestaban recentemente que cren que entran en Galiza ata cinco narcosubmarinos ao mes.

É preciso que a Axencia Tributaria adquira embarcacións mediante licitacións nas que o obxecto se divida en lotes, de tal maneira que a construción de embarcacións



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non recaia só nun estaleiro licitador, e a subministración sexa simultánea polos distintos adxudicatarios e non como ate agora, na que construía un só estaleiro que vén subministrando os barcos en distintos prazos, e parece que vai tardar meses ou anos en entregar os que están pendentes dos últimos contratos.

Por outro lado, e de forma urxente, se poden adoptar decisións que solucionen de forma eficaz e provisional a falla de barcos na nosa terra, a través da aplicación do artigo 367 sexies 1.b) da Lei de axuizamento criminal que establece que “Poderá autorizarse a utilización provisional dos bens ou efectos comisados preventivamente nos seguintes casos: b) Cando se trate de efectos especialmente idóneos para a prestación dun servizo público” e do 4.1 da Lei 17/2003, de 29 de maio, pola que se regula o Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados , que establece que “En casos determinados, e de forma excepcional e motivada, os bens do fondo non consistentes en diñeiro ou outros instrumentos de pago ao portador poderanse destinar, a solicitude dos destinatarios e beneficiarios establecidos no artigo 3.1, á satisfacción de cales queira das actividades ou fins previstos no artigo 2 desta lei, previo acordo da Mesa de Coordinación de Adxudicacións”.

En función do reflexado anteriormente, e á vista de que o pasado 27 de agosto o propio SVA interceptou 10 embarcacións en augas do estreito de Gibraltar, nestes momentos xa decomisadas e depositadas nos terreos de ”Isla verde exterior” (Algeciras), ao barco Libio “Lila Mumbai” intervido por orde do embargo sobre Líbia decretado pola ONU ao considerarse que poderían ter uso militar, sería bo que co fin de evitar a súa deterioración material e funcional, ou que xeren elevados gastos de depósito e conservación, se destinasen provisionalmente ás bases marítimas de Galiza, namentres non se efectúa a renovación das embarcacións.

Por todo isto, é imprescindible que se adopten algunha destas medidas urxentes por parte do Goberno do Estado e da Axencia Tributaria para mellorar as condicións do



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

SVA en Galiza, garantindo un servizo público esencial para a seguridade, a xustiza fiscal e a loita contra o narcotráfico e o crime organizado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1- Proceda a autorizar a utilización provisional das embarcacións incautadas ao barco 'Lila Mumbai' en Alxeciras para destinalas ás bases marítimas do SVA en Galiza, asegurando a operatividade en todas elas.

2. Licite os contratos necesarios de subministración de embarcacións para renovar a flota do SVA en Galiza, utilizando no prego de condicións a división en lotes e a prohibición de adxudicar máis dun lote a calquera licitador, co fin de que as entregas sexan simultáneas.

3. Cree unha base marítima permanente e estableza unha unidade de investigación terrestre do SVA na Costa da Morte.

4. Inicie as negociacións de transferencia do Servizo de Vixilancia Aduaneira á Xunta de Galiza".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 11:58:51
Nº Rexistro: 34854
Data envio: 26/09/2025 11:58:51.558

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 26/09/2025 11:57:34**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/09/2025 11:57:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2025 11:57:48**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 11:58:51
Nº Rexistro: 34854
Data envio: 26/09/2025 11:58:51.558

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 11:58:52**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 12:37:59
Nº Rexistro: 34864
Data envio: 26/09/2025 12:37:59.166

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 26/09/202
Por Secundino Fernández Fernández

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila, Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, a recuperación do monte queimado no incendio que arrasou en xullo máis de 300 ha no concello da Caniza, na comarca do Condado-Paradanta.

Asinado o día 26/09/2025 ás 12:36
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos primeiros lumes deste ano 2025 foi o declarado na Caniza o pasado 30 de xullo. Un incendio forestal que afectou ás parroquias do Couto e Valeixe, sobre todo nos lugares de Curuxeiras, Sibei, A Ibia, O Castro e Barreiros entre outros.

A Xunta de Galiza, ante a proximidade das lapas ás vivendas, tivo que declarar a situación 2 e empregou o ES-Alert para emitir unha orde de confinamento para varios núcleos rurais, procedendo ao desaloxo da veciñanza en Valeixe, ante a evolución do lume e o risco inminente para as persoas.

Aínda que a Xunta de Galiza informou dos efectivos despregados neste operativo para controlar e extinguir o lume na Caniza (5 bulldozers, 19 brigadas, 9 motobombas, 5 avións e 8 helicópteros, así como solicitar a incorporación da UME), os medios non foron os suficientes para unha acción rápida e contundente e quedaron arrasadas máis de 300 ha do territorio.

Asinado o día 26/09/2025 ás 12:35
Por Cristina Fernández Davila

Neste caso, non había máis focos de lumes na contorna e todos os recursos poideron concentrarse e traballar neste concello para evitar a súa propagación e posterior extinción. Pero non sempre acontece así e como comprobamos cos lumes que arrasaron a provincia de Ourense, se os efectivos non aparecen no foco ao primeiro aviso, as

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 12:37:59
Nº Rexistro: 34864
Data envio: 26/09/2025 12:37:59.166

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

consecuencias son nefastas para o territorio e incluso a vida das persoas. Canto máis se o lume está incidindo en zonas que xa foron afectadas pola vaga de lumes de 2017 ou do 2022, a recuperación do monte queimado non vai ser espontánea se non se adoptan as medidas necesarias por parte da Consellería do Medio Rural.

A Xunta de Galiza non asume a súa responsabilidade e deriva a mesma, como outras moitas veces, no Goberno do Estado ou nos Concellos, malia que ostenta as competencias plenas en prevención e defensa contra os incendios.

Estudos e series estatísticas amosan que Galiza é un dos territorios máis afectados en Europa, cun aumento constante na área queimada ao longo das décadas. A zona da Caniza, no Condado-Paradanta, é un deses lugares nos que se combate o lume practicamente cada ano.

É urxente poñer en marcha medidas como:

- Maior investimento en accións preventivas durante todo o ano, incidindo nas zonas de máis risco.
- Ordenación do territorio.
- Apostar por un monte multifuncional con distintas actividades económicas.
- Intensificar a cooperación coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.
- Garantir unha xestión pública e comunal do monte
- Recuperar e dimensionar as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR).

É necesario un pulo decidido a políticas estruturais que preserven a biodiversidade natural, restauren os ecosistemas danados coa maior urxencia e antes de que cheguen as choivas intensas e recuperen os usos tradicionais e multifuncionais dos montes, como o pastoreo, e que contribúen a fixar poboación no rural e a afastar os lumes.

O PP debe cesar de por o monte galego ao servizo da especulación, ofrecéndoo a grandes multinacionais enerxéticas, pasteiras e mineiras e que esta vaga de lumes de lugar



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

a un cambio de rumbo cara a resolver problemas como a mudanza climática, o despoboamento do territorio, a desertización, o abandono da actividade agraria e gandeira, un servizo de prevención e extinción de incendios precario e estacionalizado, e unha actividade forestal de monocultivo de especies pirófitas que dan lugar a unha biomasa descontrolada que favorece ao lume. Todos eles deben ser abordados con urxencia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.- Dotar de medios e orzamento para poñer en marcha os traballos necesarios de Prevención durante todo o ano, adaptado ás características da comarca, sempre coordinados coas Comunidades de Montes de cada parroquia.

2.- Facer un investimento urxente e cos orzamentos precisos para iniciar o ciclo dunha restauración completa nas zonas afectadas do Concello da Caniza, así como noutros concellos da comarca do Condado-Paradanta que tamén sufriron continuos lumes na última década.

3.- Crear cortalumes naturais de frondosas nos perímetros de núcleos habitados para a protección das propiedades e das persoas.

4.- Activar de xeito urxente as axudas que permitan ao Concello e á veciñanza recuperar os bens perdidos no incendio".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 12:37:59
Nº Rexistro: 34864
Data envio: 26/09/2025 12:37:59.166

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 26/09/2025 12:35:51

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/09/2025 12:36:09

Secundino Fernández Fernández na data 26/09/2025 12:36:17

Luis Bará Torres na data 26/09/2025 12:36:24

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 12:37:59
Nº Rexistro: 34864
Data envio: 26/09/2025 12:37:59.166

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 12:37:59**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 13:01:56
Nº Rexistro: 34869
Data envío: 26/09/2025 13:01:56.127

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 26/09/2
12:59
Por Ana Pontón Monc

Asinado o día 26/09/2025 ás
12:59
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 26/09/2025 ás
12:59
Por Iago Suárez Fernández

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputada **Iago Suárez Fernández** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación nos centros de ensino do concello do Saviñao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello no Saviñao conta no seu termo municipal con dous centros de ensino: O centro público integrado Dr. López Suárez e o colexio público de Currelos. Ambos ofrecen, como é evidente, un servizo público esencial e fundamental para a veciñanza deste concello do sur de Lugo e deben ser tratados con dignidade por parte da Xunta de Galiza, máis aínda ao termos en conta a realidade demográfica do municipio e da comarca á que pertence.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG non podemos deixar de denunciar a situación que se encontran ambos estes centros. Os dous presentan eivas evidentes e constatábeis en varios ámbitos, polo que reclamamos a actuación urxente do Executivo galego, en concreto da Consellaría de Educación para corrixir estes problemas cantos antes e ofrecer un servizo adecuado á poboación afectada.

A falta de docentes é unha constante. No caso do CPI Dr. López Suárez nin sequera se cubriu unha praza dunha docente que infelizmente faleceu. Un caso que evidencia o desleixo e tratamento inapropiado con estes centros de quen ten as competencias exclusivas en educación no noso país. Ademais, segundo puido saber este Grupo Parlamentar, as e os profesionais dos centros encóntranse sobrepasadas de carga de traballo, algo que redunda negativamente na calidade educativa que se ofrece á rapazada,



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 13:01:56
Nº Rexistro: 34869
Data envio: 26/09/2025 13:01:56.127

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

non por culpa do cadro de persoal que dá o mellor de si cada día do curso académico, senón pola deixadez do Gobenro galego nesta materia.

Exiximos por tanto á Consellaría que actúe á maior celeridade posíbel e que non deixe no desleixo a estes dous centros.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Cubrir antes da fin da XII Lexislatura todas as prazas que sexan necesarias e actualmente sen cubrir para garantir a calidade educativa no centro público integrado Dr. López Suárez e o colexio público de Currelos no concello do Saviñao.

2. Informar a través do envío de informes ao Parlamento de Galiza dos avances que se vaian dando nesta materia.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 13:01:56
Nº Rexistro: 34869
Data envio: 26/09/2025 13:01:56.127

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 26/09/2025 12:59:19
Cristina Fernández Davila na data 26/09/2025 12:59:27
Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2025 12:59:34

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 13:01:56
Nº Rexistro: 34869
Data envio: 26/09/2025 13:01:56.127

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 13:01:57**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 13:28:37
Nº Rexistro: 34874
Data envío: 26/09/2025 13:28:37.333

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 26/09/2 13:25 Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

No pasado mes de setembro de 2024, abriu as súas portas a nova residencia da Asociación Amencer, situada no antigo edificio da ONCE, no Centro Sur.

Trátase dunha residencia que dispón de 32 prazas e que ten como finalidade ofrecer un fogar estable para persoas adultas con parálise cerebral e trastornos neuromotores, garantindo unha atención e apoio integral ao longo de toda a súa vida.

Antes da súa posta en funcionamento, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia comprometeuse a concertar inicialmente 12 prazas, co obxectivo de incrementar esta cifra ata as 21 nun prazo de seis meses.

Con todo, transcorrido xa un ano dende a apertura —que tivo lugar en setembro de 2024—, a Xunta aínda non executou o incremento comprometido, situación que está a provocar serias dificultades económicas para a Asociación Amencer, entidade xestora do centro.

Isto débese a que, por unha banda, a viabilidade da residencia require dun mínimo de persoal e de recursos económicos que non poden ser sostidos cun número tan reducido de usuarios.

E por outra, a que no mes de xullo de 2024, entrou en vigor o XVI Convenio colectivo xeral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade,

Asinado o día 26/09/2025 ás 13:25 Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 26/09/2025 ás 13:25 Por Paloma Castro Rey
CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o cal actualizou as condicións laborais do persoal e estableceu un incremento do 10 % no salario base.

A pesar disto, o Goberno galego aínda non procedeu a actualizar o custo das prazas concertadas en Galicia conforme a este novo convenio, agás no centro da cidade de Ourense.

Esta falta de actualización provoca unha diferenza duns 300 euros por praza, que están a ser asumidos directamente pola entidade xestora, co conseguinte impacto económico.

Ademais, esta situación está a supoñer un prexuízo para numerosas persoas e familias que demandan unha praza neste tipo de centros, tendo en conta que, na actualidade, só existen dúas residencias con estas características na provincia de Pontevedra: a recentemente inaugurada de Amencer e outra situada en Vigo, que se atopa completamente ocupada.

Existen, polo tanto, numerosas persoas en lista de agarda que non poden acceder a este recurso esencial.

Por todo o anteriormente exposto, considérase que a actuación do Goberno da Xunta non está a garantir o dereito á asistencia social de calidade que lle corresponde asegurar. Por iso, resulta urxente proceder á concertación das 30 prazas dispoñibles na residencia de Amencer e á actualización do importe das prazas concertadas segundo as condicións estipuladas no novo convenio colectivo, co obxectivo de dar resposta á elevada demanda existente e garantir a sustentabilidade do servizo.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid

Grupo
Parlamentario
Socialista

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a prever no orzamento 2026 esta nova actualización e derivado disto proceder con carácter urxente á concertación das 30 prazas dispoñibles na residencia de Amencer en Pontevedra e á actualización do importe das prazas concertadas segundo as condicións estipuladas no novo convenio colectivo, co obxectivo de dar resposta á elevada demanda existente e garantir a sustentabilidade do servizo.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 13:28:37
Nº Rexistro: 34874
Data envio: 26/09/2025 13:28:37.333

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/09/2025 13:25:08

Elena Espinosa Mangana na data 26/09/2025 13:25:31

Silvia Longueira Castro na data 26/09/2025 13:25:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/09/2025 13:26:37

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 13:28:37
Nº Rexistro: 34874
Data envio: 26/09/2025 13:28:37.333

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 13:28:37**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 26/09/2
13:36
Por Aitor Bouza Mans

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª.**

A Constitución española, no seu artigo 46, establece a obriga dos poderes públicos de garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran.

Así mesmo, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.18, atribúe á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia.

Ao abeiro destas competencias, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, regula o réxime de protección, conservación, acrecentamento e difusión do patrimonio cultural galego. En virtude desta lei, numerosas actuacións urbanísticas e de rehabilitación están suxeitas á obtención de informe preceptivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, órgano competente en materia de protección patrimonial dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

Non obstante, na provincia de Pontevedra estase a producir unha situación de atraso prolongado e sistemático na emisión destes informes, con consecuencias graves tanto para administracións públicas como para entidades privadas e particulares.

Asinado o día 26/09/2025 ás
13:36
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 26/09/2025 ás
13:35
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Segundo datos e testemuños recollidos por concellos, colexios profesionais e entidades afectadas, o tempo medio para que un expediente reciba número de rexistro chega a superar os seis meses, e a resolución definitiva pode demorarse outros tantos como mínimo.

Isto supón que moitas actuacións levan máis dun ano bloqueadas unicamente pola falta do informe patrimonial.

Esta situación está a xerar graves prexuízos, entre os que destacan:

- A paralización de obras públicas e proxectos de interese xeral.
- A perda de financiamento europeo e doutras subvencións por incumprimento de prazos.
- O encarecemento dos proxectos por inflación e custos acumulados.
- A dificultade para obter licenzas urbanísticas, afectando á rehabilitación de vivendas e dinamización do rural.
- A incerteza xurídica e administrativa para particulares, empresas e promotores.

Cómpre salientar que esta situación non responde á aplicación rigorosa da normativa —necesaria e incuestionable—, senón á falta de medios humanos e técnicos que permitan cumprir cos prazos razoables nun servizo esencial.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece no seu artigo 21 a obriga de resolver expresamente os procedementos administrativos no prazo legalmente fixado.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 13:43:41
Nº Rexistro: 34881
Data envio: 26/09/2025 13:43:41.515



A demora reiterada na tramitación destes informes supón unha vulneración do dereito á boa administración, recoñecido tamén na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (art. 41).

Por todo isto, resulta urxente e necesario adoptar medidas inmediatas que permitan reforzar o servizo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na provincia de Pontevedra, dotándoo dos medios humanos necesarios para afrontar a carga de traballo acumulada e garantir o cumprimento dos prazos legais.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recoñecer a situación de colapso e atraso acumulado na tramitación dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na provincia de Pontevedra, informar publicamente dos tempos medios de resolución e número de expedientes pendentes e implementar as seguintes medidas co fin de axilizar este servizo:

1. Reforzar de maneira inmediata o cadro de persoal técnico e administrativo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na provincia de Pontevedra, mediante a incorporación de persoal especializado que permita reducir os prazos de tramitación.

2. Pór en marcha un plan de choque temporal, cunha dotación extraordinaria de recursos humanos e materiais, co obxectivo de resolver os expedientes pendentes e recuperar a normalidade no servizo no prazo máximo de seis meses.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Establecer procedementos internos de control de prazos, transparencia e avaliación continua, co fin de garantir que a emisión dos informes se realiza dentro dos prazos establecidos na Lei 39/2015 e demais normativa aplicable.

4. Presentar ante o Parlamento de Galicia, no prazo máximo de tres meses, un informe detallado sobre a situación do servizo na provincia de Pontevedra, as medidas adoptadas e os resultados acadados.

Santiago de Compostela, 26 de septiembre de 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 13:43:41
Nº Rexistro: 34881
Data envio: 26/09/2025 13:43:41.515

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 26/09/2025 13:35:55**

**Silvia Longueira Castro na data 26/09/2025 13:36:15**

**Aitor Bouza Manso na data 26/09/2025 13:36:29**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 26/09/2025 13:36:52**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 13:43:41
Nº Rexistro: 34881
Data envio: 26/09/2025 13:43:41.515

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 13:43:42

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:07:04
Nº Rexistro: 34925
Data envio: 29/09/2025 11:07:04.756

Asinado o día 29/09/2
11:04
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª.**

O pasado 26 de setembro celebrouse unha reunión entre representantes da Consellería do Mar e as confrarías da Ría de Arousa na que se confirmou o peche dos bancos de libre marisqueo de Cabío, Bohído e Lombos do Ulla durante seis meses, co obxectivo de intentar recuperar a súa produtividade ante a grave situación de sobreesforzo, perda de biomasa e impacto ambiental.

Asinado o día 29/09/2025 ás
11:03
Por Carlos López Font

Aínda que o sector marisqueiro amosou disposición a aceptar esta medida, faino cunha condición clara: non é posible asumir un peche sen compensación económica**,** xa que iso suporía o golpe definitivo para o marisqueo a flote na Ría de Arousa.

A día de hoxe, non existe proposta firme nin compromiso por parte da Xunta de Galicia sobre as compensacións aos profesionais afectados. O sector solicita, con carácter urxente:

- Que se emita unha resolución oficial de forza maior para os meses de outubro, novembro e decembro de 2025, co fin de que as mariscadoras e mariscadores poidan acceder á prestación por cesamento de actividade.

Asinado o día 29/09/2025 ás
11:03
Por Paloma Castro Rey

- Que se articule un programa específico de axudas cofinanciado con fondos FEMPA para os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2026, co obxectivo de garantir a viabilidade económica do sector durante o período de peche.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:07:04
Nº Rexistro: 34925
Data envío: 29/09/2025 11:07:04.756

Sen estas medidas, o peche converteríase nunha condena económica para centos de familias da Ría de Arousa que dependen directamente da actividade extractiva neses bancos. Ademais, a falla de planificación, de transparencia e de participación do sector na toma de decisións fai evidente unha vez máis a falta de vontade da Xunta de Galicia de abordar o futuro do marisqueo desde unha perspectiva sostible e socialmente xusta.

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia considera inaceptable que se pechen bancos sen garantía previa de compensación, e que non se activen os instrumentos legais e financeiros xa previstos na normativa galega e europea para casos de paralización por causa maior.

Ante esa situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Declarar oficialmente a situación de forza maior nos bancos marisqueiros de Cabío, Bohído e Lombos do Ulla durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2025, co fin de que o sector poida acceder á prestación por cesamento de actividade conforme á normativa vixente.

2. Habilitar con carácter inmediato un plan de axudas compensatorias, cofinanciado con fondos FEMPA, que cubra o período de xaneiro a marzo de 2026, garantindo a continuidade da actividade profesional e a cobertura dos custos fixos (Seguridade Social, mantemento, licenzas, etc.), así como axudas ás confrarías.

3. Establecer un calendario concreto de pagos, con prazos máximos para a tramitación e resolución das axudas, asegurando que se realicen dentro dos prazos legais establecidos, e evitando atrasos como os que xa sufriron outros colectivos marisqueiros.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:07:04
Nº Rexistro: 34925
Data envio: 29/09/2025 11:07:04.756

4. Crear un comité de seguimento con participación das asociacións do sector, das confrarías afectadas, de técnicos do CIMA e da Administración autonómica, para supervisar a execución das medidas de recuperación e garantir a transparencia na xestión.

5. Comprometer unha partida orzamentaria específica, diferenciada doutras axudas ao sector do mar, que garanta a viabilidade das compensacións sen depender da dispoñibilidade orzamentaria xeral.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:07:04
Nº Rexistro: 34925
Data envio: 29/09/2025 11:07:04.756

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 29/09/2025 11:03:47**

**Carlos López Font na data 29/09/2025 11:03:58**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 29/09/2025 11:04:09**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 11:07:05**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:29:20
Nº Rexistro: 34931
Data envio: 29/09/2025 11:29:20.358

Grupo Mixto

OFICINA PARLAMENTARIA
**Parlamento de Galicia**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
**gp-mixto@parlamentodegalicia.es**
15702 Santiago de Compostela
Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Mixto do Parlamento de Galicia, representado polo seu portavoz, D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, ao abeiro do disposto no artigo 160 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate na Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Ourense concentra o maior índice de envellecemento de toda Galicia e sitúase tamén entre as primeiras do Estado en niveis de lonxevidade. **Esta realidade demográfica, singular e complexa, demanda unha resposta asistencial adaptada ás necesidades específicas da poboación maior,** resposta que ata o de agora non foi debidamente atendida pola Administración autonómica.

Este grupo parlamentario xa defendeu noutras ocasións, no seo da Comisión 5ª, a urxencia de dotar á área sanitaria de Ourense dun servizo hospitalario de xeriatría. **Porén, a ausencia de actuacións concretas por parte da Xunta de Galicia obríganos a retomar de novo esta proposta, posto que a situación non só persiste senón que ameaza con agravarse no curto prazo.**

Resulta difícil de xustificar que, mentres áreas sanitarias como as de Vigo ou Lugo contan xa con servizos de xeriatría plenamente operativos, a de Ourense continúe sen este recurso esencial. **Esta carencia provoca unha evidente desigualdade no acceso á asistencia sanitaria, discriminando á cidadanía ourensá precisamente onde máis necesaria sería esta especialidade, dado o peso da poboación de idade avanzada.**

Cómpre lembrar que a xeriatría é unha disciplina hospitalaria fundamental para garantir unha atención integral e personalizada ás persoas maiores, mellorando a súa calidade de vida e reducindo ao mesmo tempo a sobrecarga doutros servizos, como o de medicina interna, actualmente sometido a unha presión asistencial insoportable pola inexistencia dunha unidade específica de xeriatría.

Asinado o día 29/09/2025 ás 11:28
Por Armando Ojea Bouzo

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:29:20
Nº Rexistro: 34931
Data envio: 29/09/2025 11:29:20.358

**vista desta realidade, a creación inmediata dun servizo hospitalario de xeriatría en Ourense convértese nunha prioridade ineludible que debe ser acometida sen máis demoras.**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. **Reservar nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma unha dotación económica específica** que permita o inicio inmediato do servizo hospitalario de xeriatría na área sanitaria de Ourense, garantindo así un acceso equitativo e en igualdade de condicións coas demais áreas de Galicia.

2. **Asegurar que a posta en marcha do devandito servizo dispoña dos profesionais e medios materiais necesarios**, co fin de dar resposta efectiva ás demandas sanitarias presentes e futuras da poboación maior da provincia.

3. **Fixar un calendario público e vinculante** que estableza con claridade os prazos de inicio e finalización da implantación do servizo, garantindo ao mesmo tempo a transparencia e a posibilidade de seguimento por parte da cidadanía.

4. **Informar periodicamente ao Parlamento de Galicia, a través da Comisión 5ª, sobre o grao de execución do proxecto**, velando polo cumprimento real dos compromisos asumidos.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2025.

Fdo.

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto

CSV: BOPGDSPG-do2l3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:29:20
Nº Rexistro: 34931
Data envio: 29/09/2025 11:29:20.358

**Asinado dixitalmente por:**

**Armando Ojea Bouzo na data 29/09/2025 11:28:15**

CSV: BOPGDSPG-do2l3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:29:20
Nº Rexistro: 34931
Data envio: 29/09/2025 11:29:20.358

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 11:29:21**

CSV: BOPGDSPG-do2l3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:02:01
Nº Rexistro: 34963
Data envío: 29/09/2025 13:02:01.876

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o catastrófico incendio do Macizo Central e as graves consecuencias económicas sociais e ambientais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Os graves incendios que levaron a esta catástrofe sen precedentes no noso Pais orixináronse nus poucos focos que non foron quen de apagar nos momentos iniciais. Nin tan sequera foron todos ao mesmo tempo. Uns lumes iniciais que se converteron nunha catástrofe pola neglixencia da Xunta do PP.

No mes de agosto de 2025 produciuse un incendio forestal que debido a nula resposta da Xunta de Galiza ante as lapas iniciais derivou nun incendio de grandes dimensións que afectou gravemente ao ecosistema local e á seguridade das persoas. Un lume que provocou un desastre de grandes proporcións, causando graves danos económicos, sociais e ambientais e que arrasou máis de 30.000 hectáreas.

Este incendio, un dos mais grandes da historia de Galiza arrasou terras de Maceda, Montederramo, Chandrexa de Queixa, Vilar de Barrio, Manzaneda, Laza, Vilariño de Conso, Viana do Bolo e Pobra de Trives.



Asinado o día 29/09/2025 ás 12:59 Por Noa Presas Bergantiños
Asinado o día 29/09/2025 ás 12:59 Por Montserrat Valcárcel Armesto
Asinado o día 29/09/2025 ás 12:59 Por Secundino Fernández Fernández
CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:02:01
Nº Rexistro: 34963
Data envio: 29/09/2025 13:02:01.876

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O servizo de extinción non estaba en alerta nin preparado de feito parece que se converteu en realidade o que auguraba o propio DX de defensa do monte pois no parlamento na súa comparecencia comentou textualmente: "os lumes se desprazaban a finais de agosto setembro" e parece que en base a esa apreciación e a esa posición actuou a consellería do medio rural. Exemplo témolo dándolles vacacións a unha boa parte dos traballadores ou con motobombas non operativas ou nos talleres.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a poñer en marcha de forma inmediata dun Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental para facer fronte aos danos deste incendio. Un Fondo que contemple o seguinte:

1) Elimine a excesiva burocracia para solicitar de xeito que cunha simple declaración previa e vinculante sirva para a solicitude e que todos os damnificados podan facer a solicitude de forma presencial.

2) O lucro cesante para todas as explotacións agrarias.

3) Incremente as axudas de forma que non haxa topes para que todos os solicitantes podan recibir unha axuda que compense as súas perdas en todo tipo producións e de explotacións agrogandeiras e forestais.

4) Elimine o límite orzamentario de xeito que todos os solicitantes podan recibir a axuda polos danos causados polo incendio.



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5) Inclúa axudas directas de ata 200.000 € para a reconstrución de vivendas e unha achega de ate 6.000 € para autónomos, pequenas e medianas empresas e a economía social, coa mínima burocracia posíbel.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta a asumir as responsabilidades políticas por parte dos máximos responsables do goberno galego, comezando polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, neste incendio que se converteu nunha auténtica catástrofe que podería terse evitado".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:02:01
Nº Rexistro: 34963
Data envío: 29/09/2025 13:02:01.876

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 29/09/2025 12:59:04

Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/09/2025 12:59:11

Noa Presas Bergantiños na data 29/09/2025 12:59:21

Luis Bará Torres na data 29/09/2025 12:59:34

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:02:01
Nº Rexistro: 34963
Data envio: 29/09/2025 13:02:01.876

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 13:02:02**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:45:12
Nº Rexistro: 34970
Data envío: 29/09/2025 13:45:12.107

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 29/09/2
13:43
Por Daniel Castro Ga

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa á privatización do servizo de bombeiros forestais.

Asinado o día 29/09/2025 ás 13:42
Por Secundino Fernández
Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No recente incendio acontecido en Barreiros (Lugo), cinco brigadistas resultaron gravemente feridos mentres operaban nunha unidade helitransportada xestionada por unha empresa privada. Este feito reavivou a preocupación polos riscos derivados do modelo mixto existente, onde conviven brigadas dependentes da Xunta e outras adscritas a empresas privadas.

Segundo denuncias dos profesionais e sindicatos do sector:

• As brigadas privadas contan con peores salarios (1.200 - 1.500 €/mes brutos), contratos temporais (4-6 meses), ausencia de pagas extraordinarias e días festivos remunerados, fronte ás condicións das brigadas públicas, con contratos anuais e salarios mellores (ata 1.800 €/mes), adicionais como vacacións e festivos pagos.

Asinado o día 29/09/2025 ás
13:42
Por Montserrat Valcárcel Armesto

• Existe unha maior rotación de persoal nas empresas privadas, en moitos casos con escasa experiencia, agravando os riscos durante as intervencións en incendios forestais.

• Denúnciase tamén a falta de formación adecuada, precarización, e imposibilidade de realizar horas extra cando a situación o require.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:45:12
Nº Rexistro: 34970
Data envio: 29/09/2025 13:45:12.107

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

• O propio modelo iniciouse coa privatización en 2012, durante o goberno de Núñez Feijóo, e mantense na actualidade cun total de 12 brigadas helitransportadas, das cales a metade seguen sendo privatizadas.

Diante destas denuncias, a Xunta argumenta que os traballadores de empresas subcontratadas contan cos mesmos medios e formación, pero os profesionais de ambos ámbitos coinciden en que "non hai comparación" en termos de dereitos e seguridade laboral.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Avanzar cara a un modelo 100% público do servizo de brigadas helitransportadas, rematando coa dependencia de empresas externas na loita e prevención de incendios forestais.

2. Garantir condicións laborais dignas e estabilidade para todo o persoal, incluíndo salarios axeitados ao risco, contratos anuais, formación profesional real e dereito a vacacións e pagas extras.

3. Adoptar medidas urxentes para corrixir as deficiencias detectadas na selección, formación e supervisión do persoal, co obxectivo de aumentar a seguridade laboral e a eficacia do servizo".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:45:12
Nº Rexistro: 34970
Data envio: 29/09/2025 13:45:12.107

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/09/2025 13:42:49

Secundino Fernández Fernández na data 29/09/2025 13:42:58

Daniel Castro García na data 29/09/2025 13:43:09

Luis Bará Torres na data 29/09/2025 13:43:16

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:45:12
Nº Rexistro: 34970
Data envio: 29/09/2025 13:45:12.107

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 13:45:12**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:46:09
Nº Rexistro: 34977
Data envío: 29/09/2025 13:46:09.348

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coñecida a última execución orzamentaria facilitada polo goberno da Xunta de Galicia, compróbase que o programa 451B “Acceso á vivenda” ten unha execución do 10,3 % no terceiro trimestre do ano 2024.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar a totalidade dos fondos orzados e dispoñibles en materia de vivenda de cada ano.
2. Elaborar un informe que estableza as causas da baixa execución no programa 451B de acceso a vivenda durante os últimos 10 anos.

Santiago de Compostela, a 29 de outubro do 2025

Asinado o día 29/09/2 13:36 Por José Ramón Gón
Asinado o día 29/09/2025 ás 13:36 Por Carlos López Font
Asinado o día 29/09/2025 ás 13:36 Por Aitor Bouza Manso
CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:46:09
Nº Rexistro: 34977
Data envío: 29/09/2025 13:46:09.348

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 29/09/2025 13:36:08**

**Carlos López Font na data 29/09/2025 13:36:15**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 29/09/2025 13:36:22**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:46:09
Nº Rexistro: 34977
Data envio: 29/09/2025 13:46:09.348

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 13:46:09**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 29/09/2
13:37
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos. A Xunta de Galicia ten a responsabilidade de garantir políticas activas que faciliten este dereito, mais os datos oficiais amosan unha realidade preocupante.

No segundo trimestre do ano 2025, o grao de execución orzamentaria do programa 451B “Acceso á vivenda” foi tan só do 5,1 %, unha cifra que evidencia a parálise e a incapacidade do Goberno galego para transformar en feitos reais os compromisos que anuncia en materia de vivenda.

Este nivel de execución resulta absolutamente insuficiente para dar resposta ás necesidades actuais, sobre todo nun contexto de encarecemento dos prezos da vivenda, dificultades de acceso ao alugueiro e carencia de vivenda pública dispoñible.

A cidadanía non pode esperar a que a Xunta xestione con máis dilixencia. É urxente que se poñan en marcha as medidas comprometidas, garantindo que os recursos orzamentarios chegan de forma efectiva ás persoas que precisan dunha vivenda digna.

Asinado o día 29/09/2025 ás
13:37
Por Carlos López Font

Asinado o día 29/09/2025 ás
13:37
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:48:17
Nº Rexistro: 34984
Data envio: 29/09/2025 13:48:17.044

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar de inmediato as medidas necesarias para incrementar o grao de execución do programa 451B "Acceso á vivenda", garantindo que os recursos orzamentarios cheguen á cidadanía no presente exercicio.
2. Presentar perante o Parlamento, no prazo máximo de un mes, un plan detallado no que se concreten as actuacións que se van desenvolver no marco deste programa ata o remate do ano 2025, con prazos, obxectivos e indicadores de seguimento.

Santiago de Compostela, a 29 de setembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:48:17
**Nº Rexistro: 34984**
Data envío: 29/09/2025 13:48:17.044

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 29/09/2025 13:37:37**

**Carlos López Font na data 29/09/2025 13:37:44**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 29/09/2025 13:37:52**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:48:17
Nº Rexistro: 34984
Data envio: 29/09/2025 13:48:17.044

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 13:48:17**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:49:57
Nº Rexistro: 34990
Data envio: 29/09/2025 13:49:57.591

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 29/09/2
13:39
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade do mercado do alugueiro en Galicia amosa unha grande fragmentación e escaseza de oferta accesible, o que xera prezos elevados e precariedade residencial. Ao mesmo tempo, existen milleiros de vivendas baleiras que permanecen fóra do mercado por falta de garantías, seguridade xurídica ou incentivos adecuados para os seus propietarios e propietarias.

Asinado o día 29/09/2025 ás
13:39
Por Carlos López Font

Outras comunidades autónomas xa teñen posto en marcha experiencias exitosas de intermediación pública, mediante bancos de aluguer que conectan propietarios e propietarias e inquilinas e inquilinos baixo a tutela da administración. Estes mecanismos permiten mobilizar vivendas baleiras, asegurar prezos razoables e ofrecer garantías tanto a persoas propietarias como a arrendatarios e arrendatarios, cun claro beneficio social.

Galicia precisa un Banco Público de Aluguer, que actúe como instrumento para incrementar a oferta de vivenda en alugueiro a prezos asumibles, fomentar a confianza das persoas propietarias e garantir dereitos para quen precisa acceder a unha vivenda digna.

Asinado o día 29/09/2025 ás
13:39
Por Aitor Bouza Manso

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Crear antes de que remate o presente ano un Banco Público de Aluguer de Galicia, xestionado pola Administración autonómica como mediadora e no que se:

a) Estableza un sistema de garantías públicas para as persoas propietarias que cedan as súas vivendas a este banco, cubrindo posibles non pagamentos e danos.
b) Fixe que os prezos do alugueiro no marco deste banco sexan sempre asequibles, nunca superiores ao 30 % da renda media dispoñible das familias.
c) Subscriban contratos de aluguer de longa duración polas vivendas que se incorporen a este banco.
d) Poñan en marcha campañas de información para fomentar que as persoas propietarias de vivendas baleiras se incorporen ao programa.

Santiago de Compostela, a 29 de setembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:49:57
Nº Rexistro: 34990
Data envío: 29/09/2025 13:49:57.591

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 29/09/2025 13:39:21**

**Carlos López Font na data 29/09/2025 13:39:27**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 29/09/2025 13:39:35**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 13:49:57
Nº Rexistro: 34990
Data envio: 29/09/2025 13:49:57.591

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 13:49:58**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35003
Data envio: 29/09/2025 16:29:02.240

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 29/09/2
16:27
Por Daniel Castro Ga

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo.

Asinado o día 29/09/2025 ás
16:27
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo leva máis de 50 anos formando profesionais cualificados para o sistema público galego, sendo referente sanitario e académico no territorio, con alta demanda e recoñecemento.

A integración actual proposta pola Xunta e a USC implicaría converter o centro nunha sección subordinada á Facultade de Santiago, o que suporía perda de autonomía organizativa, capacidade de xestión e peso para Lugo como cidade universitaria.

Os colexios sanitarios, profesorado, Academia Galega de Enfermaría e administración local coinciden en que a Escola debe manter estrutura independente, adaptada á realidade sanitaria e social da provincia. Outras universidades do Estado manteñen escolas e facultades duplicadas sen problema, polo que non existe impedimento académico nin legal para conservar autonomía en Lugo.

Asinado o día 29/09/2025 ás
16:27
Por Montserrat Valcárcel Armesto

A perda de autonomía sería un risco real a medio prazo para a supervivencia do centro, dificultando a súa eventual evolución cara a facultade propia. Ademais a súa conversión en sección suporía a perda de autonomía organizativa e de xestión, tamén unha diminución do recoñecemento institucional e territorial de Lugo como sede universitaria, unha maior dificultade para adaptarse á realidade sanitaria da provincia e un posible

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

impacto negativo na calidade da docencia, na formación clínica e na proxección local da profesión enfermeira.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

-Reconsiderar a proposta de integración e garantir o mantemento da Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo como centro autónomo, con identidade e capacidade de xestión propias, adscrito á USC en condicións de igualdade respecto a os demais centros propios da institución.

-Reclamar o posicionamento público das tres entidades implicadas sobre esta cuestión, a Consellería de Sanidade, a USC e a Consellería de Educación, e instar que se poñan os medios para consolidar e reforzar a oferta formativa de enfermaría en Lugo, adaptada ás necesidades do sistema sanitario galego.

-Garantir que calquera modificación estrutural conte co acordo do claustro de profesorado, colexio profesional e demais representantes do sector sanitario lucense".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/09/2025 16:27:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/09/2025 16:27:27**

**Daniel Castro García na data 29/09/2025 16:27:34**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35003
Data envio: 29/09/2025 16:29:02.240

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 16:29:05**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Magdalena Pérez Millares, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

**Exposición de motivos**

O Regulamento (UE) 2025/669, aprobado pola Unión Europea e de próxima entrada en vigor, establece medidas para impedir a entrada no mercado comunitario de produtos pesqueiros procedentes de países terceiros que se autoasignan cotas ou non cooperan en acordos multilaterais. Esta iniciativa responde a unha demanda histórica do sector pesqueiro galego, especialmente no relativo á xarda capturada por países como Noruega e as Illas Feroe, e supón un avance na loita contra a competencia desleal externa.

Con todo, este novo marco normativo non contempla mecanismos para garantir un cumprimento equilibrado das obrigas pesqueiras entre os propios Estados membros da UE. A frota galega, sometida a altos estándares de control, trazabilidade e cumprimento dos TACs, enfróntase a situacións de desigualdade respecto a outras frotas europeas que operan con menores esixencias ou con prácticas de control menos rigorosas. Esta falta de harmonización interna pode derivar nunha competencia desleal encuberta dentro do propio mercado

Asinado o día 29/09/2025 ás 17:27
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 17:28:06
Nº Rexistro: 35018
Data envio: 29/09/2025 17:28:06.184

comunitario, afectando á rendibilidade, sustentabilidade e viabilidade da frota galega.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo isto, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe como interlocutora activa ante o Goberno do Estado e a Comisión Europea para reclamar medidas complementarias que garantan a equidade normativa entre Estados membros e protexan os intereses da frota galega.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Solicitar ao Goberno de España que promova ante a Comisión Europea a creación de mecanismos de verificación e transparencia sobre o grao de cumprimento das obrigas pesqueiras por parte dos distintos Estados membros da UE.

2.- Reclamar a harmonización efectiva das esixencias normativas en materia de control, trazabilidade, esforzo pesqueiro e inspección, co obxectivo de evitar situacións de desigualdade entre frotas europeas.

3.- Propoñer que se inclúan cláusulas de reciprocidade nos acordos pesqueiros da UE con países terceiros, garantindo que se respecten os mesmos estándares ambientais e normativos que se aplican á frota galega.

4.- Avaliar, en coordinación co sector pesqueiro galego, o impacto das desigualdades normativas internas e trasladar ás autoridades estatais e comunitarias propostas que garantan a defensa da frota galega".

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2025



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 17:28:06
Nº Rexistro: 35018
Data envio: 29/09/2025 17:28:06.184

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 17:28:06
Nº Rexistro: 35018
Data envio: 29/09/2025 17:28:06.184

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 29/09/2025 17:27:52**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 17:28:06**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35072
Data envio: 30/09/2025 09:11:54.282

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 30/09/2 09:09
Por Ariadna Fernánde

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a urxencia da sinatura do acordo de libre comercio UE-MERCOSUR.

Asinado o día 30/09/2025 ás 09:09
Por Sonia Vidal Lamas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de decembro asinábase o Acordo entre o MERCOSUR e a UE. Este Acordo está a causar unha fonda preocupación no sector agrario e gandeiro galego en tanto que se considera que terá graves repercusións pola entrada de produtos agrarios procedentes de América do Sur e que afectará especialmente ao sector avícola e de carne vacún.

Segundo as cifras publicadas, o Acordo suporá a entrada de 99.000 Tm de carne de vacún e 180.000 Tm de aves e 45.000 Tm de mel anuais procedentes do MERCOSUR sen aranceis. En Galiza prodúcense anualmente 95.600 Tm de carne de vacún, das cales 23.000 Tm están amparadas pola indicación xeográfica TG, 215.000 Tm de aves e 2.700 Tm de mel. Se comparamos coa produción de Galiza vemos que este acordo supón a entrada dun volume de carne na UE similar a produción anual de Galiza; e o que é mais grave sen cumprir ningún dos requisitos esixíbeis a gandería galega. No caso da mel supón case o dobre da produción total de todo o estado español, que produciu 27.400 Tm.

Asinado o día 30/09/2025 ás 09:09
Por Secundino Fernández Fernández

O acordo permitirá, polo tanto, a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer o noso mercado, así, favorece o monocultivo e especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

a miles de quilómetros. Prácticas completamente contrarias á descarbonización, a recuperación da biodiversidade natural, a soberanía alimentar e o consumo de produtos de proximidade. É preciso tamén destacar que os cultivos e cría de gando son realizados en condicións moi diferentes, pois permítense unhas prácticas -uso de pesticidas, antibióticos, pensos...- nos que non se aplican os mesmos estándares que na Unión Europea e os controis en orixe non son os mesmos. Tamén é preciso ter en conta que as condicións laborais que, en moitos casos, padecen as traballadoras e os traballadores aos que non se lles garante salarios e condicións dignas.

Dito isto, e en primeiro lugar, debera favorecerse o consumo de produtos locais e sen transporte, os chamados de “km 0”, limitando a importación de produtos non necesarios de forma masiva, para en segundo lugar exixir o cumprimento de certos mínimos ou estándares dos produtos para asegurar tamén a igualdade competitiva dos produtores e gandeiros da Galiza.

Recentemente o ministro de Agricultura do Goberno do Estado, Luís Planas, xa quitou totalmente a máscara e pediu a ratificación urxente deste acordo de libre comercio, tan nefasto para Galiza.

Ante esta situación ao BNG sorpréndenlle que non houbera nin a máis mínima declaración por parte da conselleira do Medio Rural, o que nos leva a unha máxima preocupación sobre a actitude do goberno da Xunta do PP. Unha preocupación que xa manifestamos o pasado mes de febreiro cando se negaron a ter unha posición contraria aos termos dun Acordo que terá nefastas consecuencias para o sector agrogandeiro galego.

No pasado a conselleira só se limitou a dicir que teñen solicitado ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luís Planas, a convocatoria dunha conferencia sectorial urxente para tratar de esclarecer o impacto que MERCOSUR vai ter no eido primario. Palabras pouco alentadoras da responsábel de Medio Rural ante un acordo UE-MERCOSUR que pode afectar gravemente a gandería de vacún de carne e avícola galega;



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

así como tamén ao sector apícola e polo tanto a unhas producións agrarias moi importante en amplas zonas do noso territorio; sobre todo na montaña.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego expresa por resolución o rexeitamento ás verbas do ministro de agricultura e alimentación Luís Planas no tocante á urxencia da ratificación do acordo MERCOSUR-UE, polas graves repercusións que terá no sector agrogandeiro galego.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a oporse ao acordo MERCOSUR-UE polas graves repercusións que terá no sector agrogandeiro galego, e transmitirlle esta posición ao Congreso, ao Goberno do Estado, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35072
Data envio: 30/09/2025 09:11:54.282

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 30/09/2025 9:09:22**

**Sonia Vidal Lamas na data 30/09/2025 9:09:34**

**Ariadna Fernández González na data 30/09/2025 9:09:42**

**Luis Bará Torres na data 30/09/2025 9:09:49**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35072
Data envio: 30/09/2025 09:11:54.282

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 9:11:54**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 10:23:00
Nº Rexistro: 35088
Data envío: 30/09/2025 10:23:00.280

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 30/09/2025 ás 10:20
Por Ariadna Fernández
Asinado o día 30/09/2025 ás 10:20
Por Sonia Vidal Lamas
Asinado o día 30/09/2025 ás 10:20
Por Secundino Fernández Fernández
Por Luis Bará Torres
CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre as axudas da PAC e o pastoreo en terreos queimados das explotacións agrarias afectadas pola vaga de lumes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste verán, sobre todo no mes de agosto prodúcese unha vaga de incendios forestais que provocan os incendios mais grandes da historia deste pais. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza e de ineptitude do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas en Galiza.

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 150.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.

Os problemas causados por esta vaga de lumes as explotacións agrogandeiras afectadas son múltiples e variados, o que lles fai perigar a súa subsistencia. As mulleres e homes que teñen explotacións agrarias nas zonas afectadas afrontan as graves consecuencias que fan perigar a viabilidade desta actividade tan necesaria para o mantemento e supervivencia da poboación nas comarcas afectadas.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro destes problemas temos a posibilidade pastoreo nas zonas queimadas; que segundo a lexislación vixente quedaría prohibido. Esta medida faría imposíbel a permanencia das explotacións de gando extensivo nas zonas afectadas.

Outra actuación que implica un grave perigo para a viabilidade económica das explotacións agropecuarias é a imposibilidade de cobrar axudas da PAC, tanto das financiadas polo FEAGA como polo FEADER con cofinanciación da Xunta e o estado, polas superficies queimadas. Esta situación das superficies arrasadas polos lumes en relación as axudas financiadas ou cofinanciadas pola UE incluso podería obrigar a devolución de cantidades por que os terreos foron arrasados polo lume. O mesmo pasa cos titulares de montes que recibiron axudas no tocante a forestación

Para o BNG nestes momento é imprescindíbel asegurar o futuro das explotacións agrarias e por suposto que as mulleres e homes que desenvolven a actividade agrogandeira e forestal non se vexan prexudicadas por unha vaga de lumes que arrasou as súas explotacións ou montes

Dende o BNG pensamos que a Xunta de Galiza ten que por todos os medios para que o sector agrogandeiro e forestal siga no noso rural e non sufran as consecuencias destes graves incendios dunha forma definitiva que os leven a abandonar as zonas queimadas

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 10:23:00
Nº Rexistro: 35088
Data envío: 30/09/2025 10:23:00.280

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Permitir ás explotacións agrogandeiras afectadas pola vaga de lumes do 2025 que de forma excepcional poidan pastorear nos terreos queimados.

2. Arbitrar as medidas necesarias para que todas as explotacións agrogandeiras afectadas pola vaga de lumes do 2025 poidan seguir cobrando as axudas da PAC e de desenvolvemento rural polas terras afectadas pola vaga de lumes.

3. Adoptar as medidas necesarias para que todas as explotacións agrogandeiras afectadas pola vaga de lumes do 2025 non sufran penalizacións nin reclamacións de devolucións de axudas xa recibidas anteriormente polas terras afectadas polos lumes.

4. Impulsar as medidas necesarias para que todos os propietarios forestais que recibiron axudas de ámbito forestal por terras afectadas pola vaga de lumes do 2025 non sufran penalizacións nin reclamacións de devolucións destas axudas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 10:23:00
Nº Rexistro: 35088
Data envio: 30/09/2025 10:23:00.280

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 30/09/2025 10:20:08**

**Sonia Vidal Lamas na data 30/09/2025 10:20:15**

**Ariadna Fernández González na data 30/09/2025 10:20:23**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/09/2025 10:20:29**

**Luis Bará Torres na data 30/09/2025 10:20:38**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 10:23:00
Nº Rexistro: 35088
Data envio: 30/09/2025 10:23:00.280

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 10:23:01**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/09/2 11:12 Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao  abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **na Comisión 1ª.**

O servizo de asistencia xurídica gratuíta, coñecido como *quenda de oficio*, constitúe un piar fundamental do sistema de garantías e dereitos da cidadanía, especialmente das persoas en situación de vulnerabilidade. A súa existencia garante o acceso á tutela xudicial efectiva, consagrada no artigo 24 da Constitución española, e permite facer real e efectivo o principio de igualdade ante a lei.

Asinado o día 30/09/2025 ás 11:12 Por Patricia Iglesias Rey

Na Comunidade Autónoma de Galicia, a prestación deste servizo depende da implicación directa dos colexios da avogacía e dos seus profesionais, coordinados a través do Consello da Avogacía Galega, sendo estes os que asumen a responsabilidade directa na defensa das persoas que non dispoñen de recursos suficientes para custear un proceso xudicial.

Desde o ano 2021, a Xunta de Galicia mantén en vigor un convenio coa avogacía galega para regular o financiamento deste servizo público, convenio que finaliza a súa vixencia ao remate do ano 2025. Este acordo supuxo avances puntuais, mais segue a ser insuficiente en diversos aspectos, como o recoñecemento económico adecuado das actuacións profesionais ou a inclusión de conceptos que actualmente non están recollidos pola normativa estatal de xustiza gratuíta.

Asinado o día 30/09/2025 ás 11:11 Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Cómpre salientar que o Consello da Avogacía Galega leva tempo demandando a ampliación do convenio para adaptar a súa dotación económica ás necesidades reais do servizo, mellorar a cobertura de actuacións que actualmente non son retribuídas e simplificar a xestión administrativa do recoñecemento do dereito.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos imprescindible que a Xunta de Galicia, como administración responsable da xestión e dotación de recursos neste eido, inicie con carácter inmediato un proceso de diálogo co Consello da Avogacía Galega para elaborar un novo convenio que garanta unha financiación digna, estable e adaptada ás necesidades actuais do servizo.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.Elaborar un novo convenio sobre o servizo de asistencia xurídica gratuíta, antes da finalización do convenio vixente a finais do ano 2025, que sexa froito dun proceso de diálogo e negociación co Consello da Avogacía Galega e no que se establezan as demandas formuladas por este organismo, incluíndo a ampliación das partidas orzamentarias destinadas ao servizo de quenda de oficio, a actualización dos baremos de retribución, a incorporación de actuacións actualmente excluídas da cobertura e a mellora dos procedementos administrativos de xustificación.

2. Recoñecer e reforzar o carácter de servizo público esencial da asistencia xurídica gratuíta, garantindo que os profesionais que participan nela dispoñan de condicións dignas para o exercicio da súa función.

Santiago de Compostela, 30 de septiembre de 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:15:20
Nº Rexistro: 35098
Data envio: 30/09/2025 11:15:20.860

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 30/09/2025 11:11:59**

**Patricia Iglesias Rey na data 30/09/2025 11:12:12**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 30/09/2025 11:12:22**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:15:20
Nº Rexistro: 35098
Data envio: 30/09/2025 11:15:20.860

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 11:15:21**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:21
Nº Rexistro: 35102
Data envio: 30/09/2025 11:16:21.365

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/09/2
11:14
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar 2025-2026 volve poñer de manifesto a grave problemática que afrontan as familias de Camariñas debido á falta de transporte escolar axeitado, especialmente para o alumnado de Bacharelato e FP. Cando falamos de transporte escolar en Galicia, son moitas as familias que se ven afectadas e se fan cargo do transporte, ben economicamente con servizo de taxis ou buses privados ou levando persoalmente as súas fillas e fillos aos centros de ensino.

Asinado o día 30/09/2025 ás
11:14
Por Aitor Bouza Manso

O Concello leva anos pedindo un aumento de liñas e frecuencias para os estudantes das etapas post-obrigatorias que non dá chegado. No ano 2022, xa presentamos unha moción onde, entre outros puntos, instabamos á Xunta de Galicia a reconducir a xestión do transporte escolar e a instaurar a gratuidade para o alumnado de Bacharelato, por considerar o seu pagamento unha medida discriminatoria economicamente entre os menores de idade. Así mesmo, en novembro de 2023 presentouse outra moción co mesmo obxectivo.

Asinado o día 30/09/2025 ás
11:13
Por Patricia Iglesias Rey

Coméntannos as persoas afectadas as deficiencias que viven cada día e o esforzo que supón estudar unha FP ou bacharelato en diferentes localidades da comarca da Costa da Morte sen posuír un vehículo propio. O alumnado de Bacharelato de Camariñas que se despraza ao IES de Vimianzo séntese

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

discriminado, xa que os estudantes de Vimianzo teñen o autobús gratuíto ao poder aproveitar o servizo da ESO.

Unha vez máis o Concello, a petición dos veciños e veciñas afectados, remitiu un escrito á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, solicitando melloras no servizo de transporte para o alumnado que cursa Bacharelato no IES de Vimianzo. A día de hoxe aínda non se obtivo contestación por parte do goberno autonómico.

A falta de opcións de transporte público axeitado fomenta o illamento da nosa vila, impulsa o uso do vehículo particular e non se axusta ás políticas de sostibilidade e seguridade viaria.

Pola situación descrita, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu dabate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Responder con urxencia ao escrito rexistrado o 18 de agosto de 2025 pola Alcaldía de Camariñas.
2. Adaptar o servizo de transporte escolar para garantir o acceso gratuíto ao sistema educativo ao alumnado de Bacharelato e FP do Concello de Camariñas.
3. Revisar e modificar os horarios e liñas de transporte para adaptalos ás necesidades reais do alumnado do noso concello.

Santiago de Compostela, a 30 de setembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:21
Nº Rexistro: 35102
Data envio: 30/09/2025 11:16:21.365

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 30/09/2025 11:13:59**

**Aitor Bouza Manso na data 30/09/2025 11:14:09**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 30/09/2025 11:14:17**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 11:16:21
Nº Rexistro: 35102
Data envio: 30/09/2025 11:16:21.365

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 11:16:21

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 16:40:20
Nº Rexistro: 35268
Data envio: 30/09/2025 16:40:20.941

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 30/09/2 16:38
Por Luis Bará Torres

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa doa deputados **Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o proxecto da prolongación da autovía AG-55.

Asinado o día 30/09/2025 ás 16:38
Por Daniel Pérez López

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de anos sen cumprir as promesas electorais para rematar a autovía AG-55 da Costa da morte, e despois de anos de queixas, protestas e demandas da veciñanza da comarca para executar as obras, o partido popular que goberna a Xunta de Galiza, anunciaba o investimento de 8 Millóns de euros nos orzamentos de 2025. Pasaron seis meses do ano, sen que se movera un papel, e logo das insistencias do noso grupo político en vía parlamentaria, por fin o Consello da Xunta anunciaba o día 9 de xuño a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: actualización do proxecto Primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte, treito: Santa Irene-AC-432, por un importe de licitación de trinta e seis millóns catrocentos dez mil cincocentos sesenta e sete euros con dezaoito céntimos (36.410.567,18 €). Un proxecto que non colma as expectativas nin as promesas feitas na Costa da Morte, pois o goberno galego no ano 2009 xa aprobara o desdobre do proxecto, e o plan MOVE ( Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (Plan MOVE) 2010-2015) aprobado pola propia Xunta de Galiza no ano 2010 establecía o remate da autovía con dous carrís por sentido, non cunha prolongación cun só carril por sentido, como pretende facer o executivo galego actual, a diferencia do que fixo coa prolonagación da autovía AG-59 que une Santiago e A Estrada, que tendo os mesmos índices de fluxo de tráfico que a nosa comarca, si vai ser finalizada cunha autovía, non cunha vía rápida.

Asinado o día 30/09/2025 ás 16:38
Por Óscar Insua Lema

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 16:40:20
Nº Rexistro: 35268
Data envio: 30/09/2025 16:40:20.941

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Logo dos comunicados publicitarios do orzamento en decembro e do presidente a principios de xuño, publicouse no DOG o 27 de xuño deste ano o anuncio polo que se sometía ao trámite de información pública o proxecto de trazado da primeira fase da prolongación da autovía, actualizado, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, outorgando un prazo de 30 días hábiles para facer as alegacións oportunas. A día de hoxe, e co prazo de alegacións cumprido o 11 de agosto, nada sabemos da tramitación do expediente, máis aló das modificacións orzamentarias feitas en abril deste mesmo ano, que diminuíron a partida de 8 millóns de euros prevista, polo que co fin de evitar a perda do que queda na partida orzamentaria 11.A1.512B.6001 e impulsar este ano o proxecto da AXI na costa da Morte é necesario instar a AXI a axilizar o expediente desta infraestrutura

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º- Aprobar definitivamente o proxecto da primeira fase prolongación da AG-55.

2º- Iniciar os trámites da licitación do proxecto antes de rematar o 2025.

3º- Dotar unha partida orzamentaria no proxecto dos orzamentos de 2026 para o desdobramento da vía, con dous carrís para cada sentido de circulación."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 16:40:20
Nº Rexistro: 35268
Data envio: 30/09/2025 16:40:20.941

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 30/09/2025 16:38:02**

**Daniel Pérez López na data 30/09/2025 16:38:12**

**Luis Bará Torres na data 30/09/2025 16:38:18**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 16:40:20
Nº Rexistro: 35268
Data envio: 30/09/2025 16:40:20.941

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 16:40:21**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 16:57:48
Nº Rexistro: 35273
Data envío: 30/09/2025 16:57:48.979

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/09/2025 ás 16:44
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última sesión plenaria do Parlamento galego celebrada os días 23 e 24 de setembro, durante a comparecencia do conselleiro de educación, dende o Grupo Parlamentario Socialista puxemos enriba da mesa o caso de Guille, alumno do IES San Alberto, en Noia, con necesidades educativas especiais, reclamando unha resposta inmediata por parte da Xunta e denunciando a falla de previsión e recursos no sistema educativo galego.

As mobilizacións das familias, da comunidade educativa e da sociedade civil conseguiron que a Xunta se comprometese a asignarlle un coidador a tempo completo. Porén, as dúbidas sobre a continuidade deste servizo durante todo o curso están máis presentes que nunca, xerando incerteza e preocupación na súa familia e no conxunto da comunidade escolar.

A atención adecuada e estable é esencial para garantir a súa inclusión educativa, o seu desenvolvemento persoal e o exercicio pleno do seu dereito á educación. O Parlamento de Galicia non pode permanecer alleo a esta realidade.

Asinado o día 30/09/2025 ás 16:44
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 30/09/2025 ás 16:44
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir que Guille disporá dun coidador durante todo o curso escolar 2025/2026, asegurando a estabilidade e continuidade na atención educativa que precisa.
2. Adoptar as medidas necesarias para que ningún neno ou nena con necesidades educativas especiais quede sen o apoio de coidadores/as durante o curso escolar.
3. Dotar de recursos suficientes aos centros educativos para atender de maneira adecuada a diversidade do alumnado, reforzando o persoal de apoio educativo.

Santiago de Compostela, a 30 de setembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 16:57:48
Nº Rexistro: 35273
Data envio: 30/09/2025 16:57:48.979

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/09/2025 16:44:11

Patricia Iglesias Rey na data 30/09/2025 16:44:21

Silvia Longueira Castro na data 30/09/2025 16:44:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/09/2025 16:44:38

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 16:57:48
Nº Rexistro: 35273
Data envio: 30/09/2025 16:57:48.979

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 16:57:49

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 17:24:38
Nº Rexistro: 35284
Data envío: 30/09/2025 17:24:38.661

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/09/2
17:21
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade absoluta das políticas públicas, con recursos suficientes, planificación rigorosa e compromiso político firme. A protección das mulleres vítimas de violencia machista non pode quedar á marxe da acción efectiva da administración.

Non obstante, a análise da execución orzamentaria da partida 313D - Protección e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero**,** correspondente ao último exercicio fiscal, pon de manifesto graves deficiencias na xestión por parte da Xunta de Galicia. Os datos oficiais amosan unha execución escasa dos fondos dispoñibles:

- Crédito inicial (CI): 26.467 €
- Crédito vixente (CV): 29.347 €
- Obrigacións recoñecidas (O): 6.764 €
- Execución sobre crédito vixente (O/CV): 23,0 %
- Execución sobre crédito inicial (O/CI): 25,6 %

Este nivel de execución, inferior ao 26 %, evidencia unha alarmante falta de vontade política e unha ineficiente xestión dos recursos públicos destinados a un ámbito tan sensible como a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Asinado o día 30/09/2025 ás
17:21
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/09/2025 ás
17:21
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 17:24:38
Nº Rexistro: 35284
Data envío: 30/09/2025 17:24:38.661



A esta situación hai que engadir o que recolle o último informe do Consello de Contas**,** que alerta da diminución das campañas de sensibilización e da escasa execución das actuacións previstas nesta materia, pese a ser ferramentas fundamentais para a prevención da violencia e a concienciación social.

O Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE considera inadmisible que, nun momento no que a sociedade galega esixe máis compromiso institucional contra a violencia machista, a Xunta de Galicia non execute nin a cuarta parte do orzamento destinado a este fin. A falta de execución non é un problema técnico, senón político.

Por iso, é urxente unha rectificación por parte do Goberno galego e a posta en marcha dun plan realista, ambicioso e eficaz que asegure que os fondos chegan ás mulleres que os precisan e contribúan a construír unha sociedade libre de violencia.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir a execución plena e eficaz da partida orzamentaria 313D**,** destinada á protección e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, mediante unha mellor planificación, coordinación interdepartamental e asignación de recursos humanos e técnicos adecuados.

Santiago de Compostela, 30 de septiembre de 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 17:24:38
Nº Rexistro: 35284
Data envio: 30/09/2025 17:24:38.661

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 30/09/2025 17:21:08**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/09/2025 17:21:17**

**Silvia Longueira Castro na data 30/09/2025 17:21:25**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 30/09/2025 17:21:34**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 17:24:39**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 18:16:18
Nº Rexistro: 35291
Data envío: 30/09/2025 18:16:18.244

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/09/2 18:10
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación financeira das comunidades autónomas vese marcada polo crecemento da débeda pública acumulada nos últimos anos. En Galicia, a débeda autonómica triplicouse nos sucesivos gobernos do Partido Popular na Xunta: pasamos de arredor de 4.900 millóns de euros en 2009 a máis de 12.000 millóns en 2024. Este incremento condiciona gravemente a capacidade de investimento en servizos públicos esenciais como a sanidade, a educación ou a atención á dependencia.

O Goberno progresista de España, liderado polo presidente Pedro Sánchez, puxo enriba da mesa unha proposta histórica: unha condonación da débeda autonómica de 83.000 millóns de euros no conxunto do Estado, da que Galicia se beneficiará cunha quita de 4.010 millóns de euros.

Cómpre subliñar que non se trata dun "traxe a medida" para ningunha comunidade concreta. Pola contra, a medida está deseñada baixo criterios obxectivos, transparentes e solidarios, aplicándose a todas as comunidades autónomas de réxime común. De feito, algunhas das comunidades máis beneficiadas —Andalucía, Valencia ou Madrid— están gobernadas polo Partido Popular, polo que resulta absurdo presentar esta iniciativa como un privilexio para Cataluña.

Asinado o día 30/09/2025 ás 18:10
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/09/2025 ás 18:10
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 18:16:18
Nº Rexistro: 35291
Data envio: 30/09/2025 18:16:18.244

A condonación permitirá a Galicia reducir a súa débeda, rebaixar os xuros e amortizacións a pagar, e así liberar recursos para reforzar o Estado do benestar. En termos prácticos, isto pode supor máis profesorado para alumnado con necesidades educativas especiais, máis médicos e pediatras para cubrir urxencias en centros de saúde, ou máis investimentos en dependencia.

Por outra banda, a irresponsabilidade fiscal do Goberno da Xunta agrava a situación: mentres reduce impostos aos máis ricos, os servizos públicos sofren recortes e deterioro. Non é sostible un modelo no que o 8 % máis rico acumula o 76 % do patrimonio, e ao mesmo tempo se lles perdoan impostos que deberían contribuír ao financiamento da comunidade.

Por iso, é fundamental que o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia exerzan responsabilidade institucional, defendan os intereses do país e non se sometan ao seguidismo partidista das directrices de Alberto Núñez Feijóo en Madrid. Galicia non pode perder esta oportunidade histórica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

1. Aceptar e solicitar formalmente a quita da débeda pública de 4.010 millóns de euros, tal e como se recolle no Proxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as CCAA de réxime común.
2. Que as e os deputados galegos do Partido Popular nas Cortes Xerais apoien e voten a favor do Proxecto de lei orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as comunidades autónomas de réxime común, por beneficiar a Galicia.
3. Recoñecer que a metodoloxía aplicada polo Goberno de España responde a criterios obxectivos, transparentes e solidarios, tendo en conta factores como a poboación axustada, a dispersión territorial ou o

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

avellentamento, que sitúan a Galicia nunha posición favorable dentro do reparto.

4. Que o Goberno galego, logo se solicitar a quita da débeda pública para Galicia, elabore  de forma urxente unha proposta solvente e rigorosa sobre a necesidade dun novo sistema de Financiación autonómica para Galicia. Esa proposta debe atender ás singularidades galegas, garantir a prestación duns servizos públicos de calidade paras as e os galegos, e elaborarse de acordo cos principios de  igualdade, equidade, solidariedade e cohesión territorial, a través dunha negociación multilateral entre as Comunidade Autónomas de Réxime común.

5. Que o Goberno galego, se comprometa, tal e como esixe a AIREF,  a exercer un autogoberno responsable na súa política fiscal eliminando os beneficios fiscais nos impostos de sucesións, doazóns e  no imposto a grandes fortunas, que favorece ás rendas e patrimonios máis altos en Galicia.

Santiago de Compostela, a 30 de setembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 18:16:18
Nº Rexistro: 35291
Data envio: 30/09/2025 18:16:18.244

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 30/09/2025 18:10:13**

**Elena Espinosa Mangana na data 30/09/2025 18:10:22**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 30/09/2025 18:10:31**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2025 18:16:18
Nº Rexistro: 35291
Data envio: 30/09/2025 18:16:18.244

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 18:16:18**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35722
Data envio: 06/10/2025 15:34:56.332



Asinado o día 06/10/2
15:33
Por José Ramón Góm

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro solicita a esa Mesa a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro **35291**, advertido un erro en dito documento.

**Corrección de erros:**

Onde di:

"Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

1. Aceptar e solicitar formalmente a quita da débeda pública de 4.010 millóns de euros, tal e como se recolle no Proxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as CCAA de réxime común.
2. Que as e os deputados galegos do Partido Popular nas Cortes Xerais apoien e voten a favor do Proxecto de lei orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as comunidades autónomas de réxime común, por beneficiar a Galicia.
3. Recoñecer que a metodoloxía aplicada polo Goberno de España responde a criterios obxectivos, transparentes e solidarios, tendo en conta factores como a poboación axustada, a dispersión territorial ou o avellentamento, que sitúan a Galicia nunha posición favorable dentro do reparto.
4. Que o Goberno galego, logo se solicitar a quita da débeda pública para Galicia, elabore de forma urxente unha proposta solvente e rigorosa sobre a necesidade dun novo sistema de Financiación autonómica para Galicia. Esa proposta debe atender ás singularidades galegas, garantir a

Asinado o día 06/10/2025 ás
15:33
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 06/10/2025 ás
15:32
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35722
Data envio: 06/10/2025 15:34:56.332

prestación duns servizos públicos de calidade paras as e os galegos, e elaborarse de acordo cos principios de igualdade, equidade, solidariedade e cohesión territorial, a través dunha negociación multilateral entre as Comunidade Autónomas de Réxime común.

5. Que o Goberno galego, se comprometa, tal e como esixe a AIREF, a exercer un autogoberno responsable na súa política fiscal eliminando os beneficios fiscais nos impostos de sucesións, doazóns e no imposto a grandes fortunas, que favorece ás rendas e patrimonios máis altos en Galicia."

Debe dicir:

"Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia

1. Aceptar e solicitar formalmente a quita da débeda pública de 4.010 millóns de euros, tal e como se recolle no Proxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as CCAA de réxime común.
2. Que as e os deputados galegos do Partido Popular nas Cortes Xerais apoien e voten a favor do Proxecto de lei orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as comunidades autónomas de réxime común, por beneficiar a Galicia.
3. Recoñecer que a metodoloxía aplicada polo Goberno de España responde a criterios obxectivos, transparentes e solidarios, tendo en conta factores como a poboación axustada, a dispersión territorial ou o avellentamento, que sitúan a Galicia nunha posición favorable dentro do reparto.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35722
Data envio: 06/10/2025 15:34:56.332



4. Que o Goberno galego, logo se solicitar a quita da débeda pública para Galicia, elabore de forma urxente unha proposta solvente e rigorosa sobre a necesidade dun novo sistema de Financiación autonómica para Galicia. Esa proposta debe atender ás singularidades galegas, garantir a prestación duns servizos públicos de calidade paras as e os galegos, e elaborarse de acordo cos principios de igualdade, equidade, solidariedade e cohesión territorial, a través dunha negociación multilateral entre as Comunidade Autónomas de Réxime común.

5. Que o Goberno galego, se comprometa, tal e como esixe a AIREF, a exercer un autogoberno responsable na súa política fiscal eliminando os beneficios fiscais nos impostos de sucesións, doazóns e no imposto a grandes fortunas, que favorece ás rendas e patrimonios máis altos en Galicia."

Santiago de Compostela, a 30 de setembro do 2025

Santiago de Compostela, a

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35722
Data envio: 06/10/2025 15:34:56.332

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 06/10/2025 15:32:57

Elena Espinosa Mangana na data 06/10/2025 15:33:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/10/2025 15:33:10

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35722
Data envio: 06/10/2025 15:34:56.332

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 15:34:57

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 01/10/2 11:47 Por José Ramón Gón

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A proposta de planificación de infraestruturas eléctricas 2025-2030 presentada polo Goberno do Estado supón un reforzo clave da rede galega, imprescindible para dar luz verde a proxectos industriais viables, sustentables e xeradores de emprego. Galicia necesita desta planificación para atraer investimentos produtivos, garantir a competitividade e avanzar na transición enerxética.

Asinado o día 01/10/2025 ás 11:47 Por Lara Méndez López

Ademais, a planificación recolle reforzos para apoiar proxectos industriais vinculados á transición enerxética e á reindustrialización de Galicia, como os ligados ao sector da automoción, á cadea de valor do hidróxeno renovable, ao desenvolvemento do naval sostible, así como iniciativas de economía circular e produción de materiais estratéxicos para a nova economía verde. Trátase de proxectos chamados a xerar emprego estable e de calidade, fortalecer o tecido produtivo galego e situar Galicia como un territorio atractivo para a inversión.

Asinado o día 01/10/2025 ás 11:46 Por Patricia Iglesias Rey

Neste contexto, resulta imprescindible que o Goberno galego apoie con claridade esta nova planificación estatal, que ofrece solucións concretas e viables ás necesidades de reindustrialización e transición xusta, e abandone a defensa de proxectos incoherentes e insostibles. Cómpre lembrar que a planificación non contempla ningunha subestación eléctrica para garantir o subministro ao proxecto de Altri en Palas de Rei, promovido polo presidente da Xunta como proxecto estratéxico, malia que supón un forte impacto ambiental,

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

carece de encaixe na planificación eléctrica e non conta co respaldo social necesario. Sendo a autorización industrial competencia exclusiva do Goberno galego, resulta incoherente manter este proxecto cando nin sequera figura na planificación estatal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar a proposta de nova planificación de infraestruturas eléctricas 2025-2030, que reforza a rede en Galicia e abre a porta a proxectos industriais sostibles e xeradores de emprego.
2. Adoptar as medidas necesarias para que os proxectos industriais galegos poidan beneficiarse das capacidades de evacuación previstas nesta planificación.
3. Ditar unha resolución denegatoria do proxecto de Altri en Palas de Rei, ao carecer da infraestrutura eléctrica imprescindible e sendo competencia exclusiva da Xunta a autorización industrial.

Santiago de Compostela, a 1 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 11:55:31
Nº Rexistro: 35325
Data envio: 01/10/2025 11:55:31.651

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 01/10/2025 11:46:55

Lara Méndez López na data 01/10/2025 11:47:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/10/2025 11:47:17

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 11:55:31
Nº Rexistro: 35325
Data envio: 01/10/2025 11:55:31.651

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2025 11:55:32**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 12:16:17
Nº Rexistro: 35330
Data envio: 01/10/2025 12:16:17.454

Asinado o día 01/10/2
12:15
Por Ana Pontón Mond

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a dotación de profesorado do CEIP Valle Inclán de Perillo (Oleiros).

Asinado o día 01/10/2025 ás
12:15
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para o inicio do curso 2025-2026, a Consellaría de Educación eliminou os desdobres de 3.º e 6.º de Educación Primaria (que si estaban concedidos para o curso 2024-2025, nos niveis de 2.º e 5.º de Primaria). Porén, tras a mobilización que levaron a cabo as familias e o centro, a Consellaría deixou á elección da dirección do centro como se irían distribuír as horas dos dous membros do profesorado procedente do Programa MEGA de reforzo: podían manter os desdobres (para, así, cumprir coas ratios establecidas) ou manter o papel de reforzo do profesorado MEGA. Dese xeito, terían que prescindir de cubrir gardas, atención a alumnado con necesidades especiais de atención educativa (NEAE), traballos de coordinación, como o Plambe para a dinamización da biblioteca, e paralizar proxectos como a horta, robótica e informática e a sección bilingüe, ademais das actividades extraescolares complementarias xa que estes dous docentes pasan a ser titores e non poden atender estas horas adicionais.

Asinado o día 01/10/2025 ás
12:15
Por Iria Taibo Corsanego

O centro, para cumprir coas ratios, optou por manter os tres grupos de terceiro e sexto de primaria, mais isto implica que estas actividades complementarias se ven totalmente condicionadas pola limitación do número de profesores e profesoras. Isto é especialmente grave no que se refire á atención ao alumnado NEAE, xa que adoita facerse dentro da aula polas súas características especiais, e a falta de profesorado fai preciso agrupar o alumnado NEAE e sacalo dos seus grupos, coas consecuencias que isto ten para

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

a integración e estigmatización destes alumnos, alén da falta de atención individualizada que pode ter graves consecuencias para as propias necesidades especiais.

Alén disto, a falta de profesorado para posíbeis gardas pode ter repercusións para a atención, e mesmo para a seguridade do alumnado, e a paralización dos proxectos que se estaban a levar a cabo no centro supón unha redución da calidade da ensinanza.

Lembramos que os mestres enviados pola Consellaría a través do Programa MEGA non deberían estar a exercer como titores, senón como reforzo educativo e de apoio ás titorías, polo que sería preciso que o centro contase, cando menos, con dous mestres adicionais.

As familias e o propio centro están a protestar publicamente pola falta de profesorado, xa que consideran que o dereito fundamental á educación das crianzas se está a ver vulnerado pola falta de persoal docente que ten actualmente o centro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a asignar, como mínimo, dous mestres de Educación Primaria adicionais aos actuais ao CEIP Valle Inclán de Perillo (Oleiros).”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 12:16:17
Nº Rexistro: 35330
Data envio: 01/10/2025 12:16:17.454

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 01/10/2025 12:15:10**

**Cristina Fernández Davila na data 01/10/2025 12:15:16**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/10/2025 12:15:27**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 12:16:17
Nº Rexistro: 35330
Data envio: 01/10/2025 12:16:17.454

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2025 12:16:18**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:46:38
Nº Rexistro: 35364
Data envio: 01/10/2025 16:46:38.821

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 01/10/2 16:23 Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A importancia do camiño de Santiago é indiscutible, poucos produtos turísticos reúnan un catálogo tan diverso de experiencias nun mesmo viaxe como o propio camiño e poucos tamén son capaces de atraer ao mesmo tempo perfís tan heteroxéneos, e coa capacidade de interactuar coa poboación local.

Asinado o día 01/10/2025 ás 16:22 Por Patricia Iglesias Rey

Moitas das persoas que realizan o Camiño de Santiago querer facer uso dos albergues públicos e son distintos os motivos, que poden ir dende unha cuestión económica ata a vivir a experiencia de convivir con outros peregrinos.

O Consello de Contas emite un informe de fiscalización da auditoría operativa da Sociedade Anónima de Xestión do Plan do Xacobeo o 23 de setembro do 2025, onde cuestiona a planificación dos albergues públicos galegos xestionados pola Xacobeo S.A.

Para a Xunta de Galicia o Camiño de Santiago case se converte na única aposta turística, por iso aínda sorprende mais o informe do Consello de contas. Entre outras cuestións fala da perdida da capacidade de atracción de peregrinos aos albergues públicos. Dato curiosos se temos en conta que o números de peregrinos vai en aumento mentres descende os usuarios que deciden aloxarse nos albergues públicos.

Asinado o día 01/10/2025 ás 16:22 Por Lara Méndez López

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:46:38
Nº Rexistro: 35364
Data envio: 01/10/2025 16:46:38.821



O Consello de Contas recomenda un mellor control interno, mellorar a transparencia en materia de persoal e de xestión, revisar o criterio contable de rexistro de subvencións, optimizar a xestión axustando a oferta e explorando modelos de xestión mais vinculados ao territorio implantar sistemas de avaliación de calidade e promocionara a rede publica para incrementar a demanda.

A rede de albergues públicos e un garante para dar cobertura e servizos ao longo de todo o ano e con elo asegurar a pernocta dos peregrinos, polo que a finalidade da rede non e buscar un beneficio económico, no obstante a Xunta de Galicia si ten traballar para acadar un equilibrio económico pola prestación do servizo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe/estudo onde se faga unha diagnose da situación actual e a evolución dos últimos anos.
2. Avaliar as posibles causas do descenso de usuarios e elaborar un plan para reverter a situación.

Santiago de Compostela, a 1 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:46:38
Nº Rexistro: 35364
Data envio: 01/10/2025 16:46:38.821

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 01/10/2025 16:22:46**

**Patricia Iglesias Rey na data 01/10/2025 16:22:53**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/10/2025 16:23:49**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:46:38
Nº Rexistro: 35364
Data envio: 01/10/2025 16:46:38.821

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2025 16:46:39

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:48:57
Nº Rexistro: 35371
Data envio: 01/10/2025 16:48:57.086

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 01/10/2 16:30 Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe realizado pola Consellaría de Emprego, Comercio e Emigración, sobre a orde pola que se establecen as bases reguladora para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva de subvencións para o impulso da innovación e sostibilidade do comercio local e artesanal, código do procedemento CO300C, deixa uns datos preocupantes.

O obxecto da propia orde e a de impulsar a dixitalización, innovación, modernización e sostibilidade ambiental do comercio local e artesanal. E tal como inciden no informe a modernización e fundamental para incrementar a competividade do sector, ofrecendo produtos de calidade e deseños únicos e personalizados que melloren a experiencia de compra da clientela e contribuían a afianzar o recoñecemento dos establecementos comerciais retallistas e o seu posicionamento no mercado. Así como a dixitalización son retos ineludibles para o sector comercial galego.

Estas subvencións enmarcan tres liñas de axudas:

1. Liña de dixitalación e innovación comercial
2. Liña de innovación e
3. Liña de modernización

Asinado o día 01/10/2025 ás 16:26 Por Patricia Iglesias Rey
Asinado o día 01/10/2025 ás 16:26 Por Lara Méndez López
CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para a concesión de estas axudas no ano 2024 destinouse un orzamento de mais de catro millón de euros (4.400.000 €) pero o importe adxudicado foi de 2.074.725,35€ mais da metade quedou sen adxudicar. Na orde do 30 de xaneiro do 2025 publicada o 14 de febreiro do 2025 o importe das axudas e de 3,9M € producindo unha redución de medio millón de euros. Ante os datos do ano 24 e a redución do ano 25 o resultado de esta ano en curso non e moi alentador. E a pesar de isto a xunta so se limitou a redución da contía.

A modernización do sector e un reto ineludible e fundamental para incrementar a competitividade comercial e artesanal, ofrecendo produtos de calidade e deseños únicos e personalizados que melloren a experiencia de compra do cliente e contribúan a afianzar o recoñecemento dos establecementos comercias minoristas e o seu posicionamento no mercado

Estamos ante un sector que segundo datos da propia Xunta, hai 32.000 establecementos comerciais que dan emprego a 107.000 persoas. Se tomamos estes datos en tendo en conta que os beneficiarios da convocatoria do ano 2024 foron 402 entidades (330 comerciais retallistas e 72 obradoiros artesáns) so se beneficiaron o 1,3 % dos establecementos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo que avalíe a baixa participación e o baixo número de beneficiarios.
2. En función do resultado do informe a tomar medidas correctoras que permitan unha maior participación co conseguinte aumento de establecementos beneficiarios.

Santiago de Compostela, a 1 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:48:57
Nº Rexistro: 35371
Data envío: 01/10/2025 16:48:57.086

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 01/10/2025 16:26:11**

**Patricia Iglesias Rey na data 01/10/2025 16:26:19**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/10/2025 16:30:56**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:48:57
Nº Rexistro: 35371
Data envio: 01/10/2025 16:48:57.086

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2025 16:48:57

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:51:44
Nº Rexistro: 35383
Data envio: 01/10/2025 16:51:44.835

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 01/10/2
16:42
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o Grupo Parlamentario Socialista apostamos por realizar un plan turístico integral sostible para o noso país, un plan sólido ben estruturado que poida traer múltiples beneficios a Galicia tanto en termos económicos como na mellora da calidade de vida da nosa veciñanza, así como o desfrute das persoas que nos visita.

Asinado o día 01/10/2025 ás
16:42
Por Patricia Iglesias Rey

Así o solicitamos no Pleno celebrado en setembro do ano 2024 acadando unanimidade na aprobación da iniciativa. Pero para sorpresa nosa no debate desta iniciativa na Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo celebrada o pasado 21 de marzo, para darlle un impulso a mesma, o partido popular cambio de postura e o que tiña sido un voto a favor no Pleno converteuse nun non na comisión.

Os incendios producidos en Ourense e outras zonas de Galicia afectaron negativamente ao sector en algunhas areas, con cancelacións en establecementos turísticos  e unha perdida do seu atractivo natural un dos motivos polo que o turista escolle Galicia como lugar de destino. Cando un entorno natural arde afecta tamén as zonas rurais e o turismo resíntase considerablemente, xa que perde o seu atractivo natural.

Asinado o día 01/10/2025 ás
16:42
Por Lara Méndez López

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O medo e a incerteza sobre a extinción de incendios ten provocado unha alta cancelación de reservas chegando en algún caso ata o 90 % das mesmas. Peregrinos que, o ben xa non viñan ou marchaban sen rematar o camiño. Unha economía rural baseada en moitos casos no turismo que se veu frustrada pola situación.

E preciso recuperar ese consenso e traballar na realización dun plan turístico integral sostible e, por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista, ante a importancia do sector turístico pero tamén da responsabilidade social e ambiental, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Recuperar o consenso para realizar  un plan turístico integral sostible para o noso país, un plan sólido ben estruturado que poida traer múltiples beneficios a Galicia tanto en termos económicos como na mellora da calidade de vida da nosa veciñanza, así como o desfrute das persoas que nos visita.
2. Que o plan que se elabore se deseñe tendo en conta un turismo desterritorializado e desectacionalizado.
3. Poñer en marcha medidas que contrarresten a falta de relevo xeracional e persoal cualificado para traballar no sector.

Santiago de Compostela, a 1 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:51:44
Nº Rexistro: 35383
Data envio: 01/10/2025 16:51:44.835

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 01/10/2025 16:42:44**

**Patricia Iglesias Rey na data 01/10/2025 16:42:52**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/10/2025 16:42:58**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2025 16:51:44
Nº Rexistro: 35383
Data envio: 01/10/2025 16:51:44.835

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2025 16:51:45**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:10:49
Nº Rexistro: 35437
Data envío: 02/10/2025 11:10:49.843

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 02/10/2 11:09 Por Ana Pontón Monc

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputada **Daniel Castro García** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza aumente a oferta pública do Mestrado en profesorado en diálogo coas tres universidades públicas galegas.

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:09 Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os denominados mestrados habilitantes son aqueles que permiten exercer unha profesión regulada no Estado español. Estes mestrados, entre os que destaca o de formación do profesorado, teñen cada vez máis demanda provocando que a oferta pública non sexa suficiente e que a opción das universidades privadas sexa cada vez máis escollida por todas aquelas persoas que poidan pagar estas titulacións.

Deste xeito, podemos observar como por primeira vez na historia as prazas en mestrados privados no Estado español superaron por primeira vez ás públicas no ano 2024, supoñendo un 50,3% do total. Para poder entender o crecemento exponencial da universidade privada soamente temos que ollar os datos que nos din que hai 10 anos a porcentaxe de mestrados privados era case un 20% menor, supoñendo soamente o 32,5% do total.

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:09 Por Daniel Castro García

Tristemente, estes datos son moito peores no que se refire ao caso dun mestrado habilitante como é o de formación do profesorado, xa que no conxunto do Estado soamente se ofertaron, segundo os últimos datos dispoñibles unhas 23.000 prazas en universidades públicas fronte a unhas 40.000 en universidades privadas, o que supón un 36’6% fronte a un 63,4%.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:10:49
Nº Rexistro: 35437
Data envio: 02/10/2025 11:10:49.843

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Alén do dito, podemos observar como a tendencia privatizadora cada vez vai a máis, evidenciando que a oferta pública é absolutamente insuficiente, tamén en Galiza, como podemos ver xa en estudos do ano 2021 que mostraban como case 3 de cada 4 alumnos quedaban sen praza neste mestrado no noso país.

Corrobórase polo tanto que a demanda supera amplamente á oferta, provocando que as universidades privadas aumenten cada vez máis os seus beneficios, captando a todas esas persoas que quedan sen praza na pública e que se poden permitir o pago na privada, xa que o custe nestas universidades é inmensamente superior ao das públicas.

Polo tanto, desde o BNG consideramos que o goberno galego debe poñer fin a esta situación inxusta que o único que xera é desigualdade para poder obter unhas titulacións que son obrigatorias para poder exercer no Estado español.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a aumentar, en diálogo coas tres universidades galegas, o número de prazas públicas no mestrado universitario en profesorado”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:10:49
Nº Rexistro: 35437
Data envio: 02/10/2025 11:10:49.843

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 02/10/2025 11:09:20**

**Cristina Fernández Davila na data 02/10/2025 11:09:28**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2025 11:09:34**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:10:49
Nº Rexistro: 35437
Data envio: 02/10/2025 11:10:49.843

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:10:50**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:43:55
Nº Rexistro: 35446
Data envío: 02/10/2025 11:43:55.998



Asinado o día 02/10/2025 ás 11:36
Por Elena Espinosa M

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Lara Méndez López**, **Aitor Bouza Manso e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 30 de abril de 2025 asinouse un protocolo de actuación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o Consorcio para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a Consellería de Sanidade e as tres universidades públicas galegas, no que se comprometen a reestruturar a docencia nunha única facultade por universidade.

Propoñen tamén o desenvolvemento dun plan de mellora da docencia nun prazo de 4 anos. Segundo se determina neste protocolo, a Escola Universitaria de Enfermería de Lugo quedaría integrada como sección dependente de Enfermería da USC. A día de hoxe, non existen prazos nin modelo definido, só o avance achegado pola USC, en colaboración coa Consellería de Sanidade, de que exista unha única Facultade de Enfermería, da que dependerán tanto o centro de Santiago como o de Lugo, organizando este proceso da mellor forma posible, segundo eles, a través dunha comisión.

A Escola de Enfermería de Lugo, que leva 50 anos implantada na nosa cidade, é propiedade do Sergas e está adscrita no plano docente á USC, aínda que os alumnos xa desfrutan das mesmas condicións xerais que os estudantes dos centros dependentes da universidade pública. Pero a posibilidade de converterse nunha sección da facultade con sede en Santiago está a xerar

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:36
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:35
Por Lara Méndez López

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha profunda inquietude, tal e como se constata polos escritos remitidos polo claustro de profesoras e profesores da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo e desde a Academia de Enfermería de Galicia. Tal e como eles indican, e co que concorda este grupo parlamentario, esta medida supoñería a perda de autonomía organizativa e de xestión e unha diminución do recoñecemento institucional e territorial de Lugo como sede universitaria, coa conseguinte dificultade de adaptación á realidade sanitaria da provincia, sen esquecer o posible impacto negativo na calidade da docencia, na formación clínica e na proxección local da profesión enfermeira.

A esta preocupación engádase tamén a posibilidade de que se poida pechar unha sección dunha facultade dun xeito máis doado e áxil do que se poida facer no caso dun centro autónomo. Este grupo parlamentario únese a estas inquedanzas, dado que esta escola, ademais, é un dos centros universitarios que cobre rapidamente as prazas dispoñibles, dado que a demanda é moi alta, debido ao seu recoñecemento académico pola calidade dos seus estudos, o que evidencia, unha vez máis, o alto valor educativo de Lugo e inflúe, sen dúbida, na elección de centro para inicio da etapa universitaria.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:43:55
Nº Rexistro: 35446
Data envio: 02/10/2025 11:43:55.998

Por todo isto, e baseándose na exposición de motivos, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar que o Campus de Lugo manteña a Escola de Enfermería de Lugo como un centro autónomo e en ningún caso como unha sección da Facultade de Enfermería do Campus de Santiago de Compostela.
2. O Parlamento galego acorda sumarse ás inquedanzas manifestadas polo profesorado da Escola de Enfermería de Lugo, pola Academia Galega de Enfermería e polo Colexio Profesional de Enfermería.

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:43:55
Nº Rexistro: 35446
Data envio: 02/10/2025 11:43:55.998

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 02/10/2025 11:35:56**

**Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 11:36:04**

**Elena Espinosa Mangana na data 02/10/2025 11:36:11**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 11:36:22**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:43:55
Nº Rexistro: 35446
Data envío: 02/10/2025 11:43:55.998

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:43:57**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:44:15
Nº Rexistro: 35447
Data envio: 02/10/2025 11:44:15.175



Asinado o día 02/10/2025 ás 11:36 Por Elena Espinosa M
Asinado o día 02/10/2025 ás 11:36 Por Aitor Bouza Manso
Asinado o día 02/10/2025 ás 11:36 Por Lara Méndez López

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Lara Méndez López**, **Aitor Bouza Manso e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 30 de abril de 2025 asinouse un protocolo de actuación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o Consorcio para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a Consellería de Sanidade e as tres universidades públicas galegas, no que se comprometen a reestruturar a docencia nunha única facultade por universidade.

Propoñen tamén o desenvolvemento dun plan de mellora da docencia nun prazo de 4 anos. Segundo se determina neste protocolo, a Escola Universitaria de Enfermería de Lugo quedaría integrada como sección dependente de Enfermería da USC. A día de hoxe, non existen prazos nin modelo definido, só o avance achegado pola USC, en colaboración coa Consellería de Sanidade, de que exista unha única Facultade de Enfermería, da que dependerán tanto o centro de Santiago como o de Lugo, organizando este proceso da mellor forma posible, segundo eles, a través dunha comisión.

A Escola de Enfermería de Lugo, que leva 50 anos implantada na nosa cidade, é propiedade do Sergas e está adscrita no plano docente á USC, aínda que os alumnos xa desfrutan das mesmas condicións xerais que os estudantes dos centros dependentes da universidade pública. Pero a posibilidade de

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

converterse nunha sección da facultade con sede en Santiago está a xerar unha profunda inquietude, tal e como se constata polos escritos remitidos polo claustro de profesoras e profesores da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo e desde a Academia de Enfermería de Galicia. Tal e como eles indican, e co que concorda este grupo parlamentario, esta medida supoñería a perda de autonomía organizativa e de xestión e unha diminución do recoñecemento institucional e territorial de Lugo como sede universitaria, coa conseguinte dificultade de adaptación á realidade sanitaria da provincia, sen esquecer o posible impacto negativo na calidade da docencia, na formación clínica e na proxección local da profesión enfermeira.

A esta preocupación engádase tamén a posibilidade de que se poida pechar unha sección dunha facultade dun xeito máis doado e áxil do que se poida facer no caso dun centro autónomo. Este grupo parlamentario únese a estas inquedanzas, dado que esta escola, ademais, é un dos centros universitarios que cobre rapidamente as prazas dispoñibles, dado que a demanda é moi alta, debido ao seu recoñecemento académico pola calidade dos seus estudos, o que evidencia, unha vez máis, o alto valor educativo de Lugo e inflúe, sen dúbida, na elección de centro para inicio da etapa universitaria.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Por todo isto, e baseándose na exposición de motivos, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar que o Campus de Lugo manteña a Escola de Enfermería de Lugo como un centro autónomo e en ningún caso como unha sección da Facultade de Enfermería do Campus de Santiago de Compostela.
2. O Parlamento galego acorda sumarse ás inquedanzas manifestadas polo profesorado da Escola de Enfermería de Lugo, pola Academia Galega de Enfermería e polo Colexio Profesional de Enfermería.

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:44:15
Nº Rexistro: 35447
Data envio: 02/10/2025 11:44:15.175

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 02/10/2025 11:36:37**

**Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 11:36:46**

**Elena Espinosa Mangana na data 02/10/2025 11:36:53**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 11:37:04**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:44:15
Nº Rexistro: 35447
Data envio: 02/10/2025 11:44:15.175

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:44:15**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:46:44
Nº Rexistro: 35454
Data envio: 02/10/2025 11:46:44.794



Asinado o día 02/10/2025 ás 11:40
Por José Ramón Gómez

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 1992 o Concello da Pontenova encomendou a empresa Xestur S.A o desenvolvemento do polígono industrial deste concello.

Ante a negativa de Xestur S.A e, polo tanto, da Xunta de Galicia de levar a cabo a finalización do plan parcial aprobado no seu inicio, polo alto custe que tería o metro cadrado de solo industrial resultante e o dano medioambiental, no ano 2015 chégase a un acordo entre o Concello da Pontenova e Xestur S.A de levar a cabo unha modificación puntual, coa finalidade de legalizar todo o solo do polígono (chegáronse a vender parcelas de solo urbanizable). Dita modificación incluía a supresión de parte do plan parcial (no máis difícil de actuar) e propoñía unha pequena ampliación cara a Chousa de Goios.

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:40
Por Patricia Iglesias Rey

Con data 28 de xaneiro do 2016 o Pleno do Concello da Pontenova aprobou a modificación do convenio no que se acordou a redacción definitiva do polígono antigo e máis da ampliación.

A. Ante a petición de varias persoas interesadas en mercar e construír no polígono do Concello da Pontenova.
B. Sabendo que nos orzamentos da Xunta de Galicia o ano 2024 había máis de 400.000 € destinados a finalización do polígono e que no ano 2025 non se destinou ningunha partida.

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:40
Por Lara Méndez López

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:46:44
Nº Rexistro: 35454
Data envio: 02/10/2025 11:46:44.794

C. Dado que están rematando tódolos tramites administrativos ao respecto do polígono industrial (expropiación e urbanización)

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a esixir a Xestur S.A para que execute de forma inmediata a ampliación do polígono industrial de Concello da Pontenova.

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:46:44
Nº Rexistro: 35454
Data envio: 02/10/2025 11:46:44.794

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 02/10/2025 11:40:40

Patricia Iglesias Rey na data 02/10/2025 11:40:48

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 11:40:55

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:46:44
Nº Rexistro: 35454
Data envio: 02/10/2025 11:46:44.794

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:46:45

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:36:41
Nº Rexistro: 35462
Data envio: 02/10/2025 12:36:41.308

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Daniel Castro García, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza amplíe a Riotorto e á Pontenova a cobertura do Servizo de Hospitalización a Domicilio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza presentou en 2019 un Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, co compromiso de proporcionar a toda a poboación de Galiza un acceso equitativo a unha hospitalización a domicilio de calidade os 365 días do ano.

Este servizo de atención asistencial permite achegar coidados de rango hospitalario ao domicilio das e dos pacientes de xeito efectivo e seguro, como alternativa á hospitalizacion convencional.

Segundo se recolle no propio documento, os distintos modelos asistenciais incluídos neste servizo están indicados, entre outras situacións, para pacientes con enfermidades crónicas complexas, persoas de idade avanzada ou pacientes oncolóxicos e oncolóxicas.

A extensión deste servizo foise ampliando, mais seis anos despois daquel compromiso, o concello de Riotorto, xunto co concello da Pontenova e demais concellos situados en zonas estremeiras dos distritos sanitarios seguen sen ter esta cobertura, o que supón unha discriminación para as e os pacientes que residen nestes municipios e que cumpren cos criterios clínicos para recibir este tipo de atención.



Asinado o día 02/10/2 12:35 Por María Montserrat
Asinado o día 02/10/2025 ás 12:35 Por Iria Carreira Pazos
Asinado o día 02/10/2025 ás 12:34 Por Daniel Castro García
CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:36:41
Nº Rexistro: 35462
Data envio: 02/10/2025 12:36:41.308

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Se ben o acceso equitativo aos servizos sanitarios públicos é un dereito irrenunciable en calquera circunstancia, no caso de Riotorto e da Pontenova, a carencia deste servizo supón unha carga asistencial adicional para as e os profesionais do Centro de Saúde, xa mermado pola supresión, de facto, de parte das prazas de profesionais sanitarios cos que estes centros están dotados.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a ampliar o servizo de Hospitalización a Domicilio aos concellos de Riotorto e da Pontenova.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:36:41
Nº Rexistro: 35462
Data envio: 02/10/2025 12:36:41.308

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 02/10/2025 12:34:46

Iria Carreira Pazos na data 02/10/2025 12:35:06

María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2025 12:35:15

Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2025 12:35:23

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:36:41
Nº Rexistro: 35462
Data envio: 02/10/2025 12:36:41.308

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 12:36:42**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:57:44
Nº Rexistro: 35473
Data envío: 02/10/2025 12:57:44.434

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/10/2 12:49
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nova planificación eléctrica 2025-2030 proposta polo Goberno de España recolle reforzos da rede en Galicia que permiten apoiar proxectos industriais vinculados á transición enerxética e á reindustrialización: iniciativas no sector da automoción, a cadea de valor do hidróxeno renovable, o desenvolvemento do naval sostible, proxectos de economía circular e produción de materiais estratéxicos para a nova economía verde. Estes proxectos teñen capacidade para xerar emprego estable e de calidade, fortalecer o tecido produtivo galego e situar Galicia como un territorio atractivo para o investimento industrial, en liña co que demanda a cidadanía e co que require a loita contra o cambio climático.

Neste contexto, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia apoie con claridade esta planificación estatal, que ofrece solucións concretas e viables ás necesidades de reindustrialización e transición xusta, e abandone a defensa de proxectos incoherentes, sen encaixe nin futuro real.

O exemplo máis claro é o proxecto de Altri en Palas de Rei, promovido e abandeirado polo presidente da Xunta de Galicia como proxecto estratéxico malia que:

Asinado o día 02/10/2025 ás 12:49
Por Lara Méndez López
Asinado o día 02/10/2025 ás 12:49
Por Patricia Iglesias Rey
CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:57:44
Nº Rexistro: 35473
Data envío: 02/10/2025 12:57:44.434



- A planificación eléctrica 2025-2030 non contempla ningunha subestación nin infraestrutura específica para garantir o subministro necesario. Isto demostra a súa inviabilidade técnica e evidencia que nin sequera o operador estatal da rede considera viable a súa integración.
- Supón un forte impacto ambiental e social: risco para a calidade da auga do río Ulla, emisións contaminantes, consumo masivo de recursos hídricos e afeccións sobre o territorio da Ulloa, xerando un rexeitamento social evidente e maioritario.
- Non responde aos criterios europeos de transición enerxética nin á orientación dos fondos da transición xusta, xa que nin xera cadeas de valor sostibles nin se vincula a sectores estratéxicos para Galicia.
- É, en definitiva, un proxecto inviable administrativa e politicamente, xa que a súa autorización industrial é competencia exclusiva do Goberno galego, que non pode ignorar a ausencia de encaixe na planificación estatal e os graves impactos que comporta.

Mentres a nova planificación abre a porta a proxectos industriais innovadores e sostibles, chamados a crear emprego e atraer investimento, a Xunta de Galicia segue instalada na defensa dun proxecto sen futuro, que se converteu nunha bandeira política do señor Rueda e do Partido Popular pero que carece de respaldo técnico, social e ambiental. Galicia non pode perder tempo nin recursos alimentando un "proxecto fantasma" que non verá a luz e que só serve para enganar ás comarcas afectadas e desviar a atención das verdadeiras oportunidades de industrialización sostible que temos diante.

Por todo isto, cómpre poñer fin á ficción de Altri e situar á Xunta de Galicia no camiño da responsabilidade, apoiando os proxectos recollidos na planificación eléctrica e procedendo de inmediato á denegación administrativa dun proxecto que é inviable.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:57:44
Nº Rexistro: 35473
Data envio: 02/10/2025 12:57:44.434

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar a proposta da nova planificación eléctrica 2025-2030, que reforza a rede en Galicia e abre a porta a proxectos industriais sostibles e viables, vinculados á automoción, ao hidróxeno renovable, ao naval sostible, á economía circular e á produción de materiais estratéxicos.
2. Proceder de forma inmediata, a través do órgano competente, a ditar unha resolución administrativa denegatoria do proxecto industrial de Altri en Palas de Rei, por resultar inviable técnica e administrativamente, carecer de encaixe na planificación eléctrica e supoñer un grave impacto ambiental e social.

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:57:44
Nº Rexistro: 35473
Data envio: 02/10/2025 12:57:44.434

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 02/10/2025 12:49:38**

**Lara Méndez López na data 02/10/2025 12:49:45**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 12:49:53**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:57:44
Nº Rexistro: 35473
Data envio: 02/10/2025 12:57:44.434

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 12:57:45

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/10/2025 ás 13:20
Por José Ramón Gómez

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través de diferentes comisións e plenos vimos debatendo o cumprimento da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía coñecida como Lei Paz Andrade. A lei naceu dunha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) impulsada pola cidadanía e apoiada por máis de 17.000 sinaturas. É unha das poucas leis galegas de orixe cidadá aprobadas por unanimidade.

A lei foi aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia o 11 de marzo de 2014 e publicada no DOG o 8 de abril de 2014. Fomentar o ensino da lingua portuguesa en Galicia, reforzar a conexión cultural, económica e institucional coa Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) e aproveitar a proximidade lingüística galego-portuguesa para abrir oportunidades no ámbito cultural, económico e internacional son os seus obxectivos fundamentais.

A educación, os medios de comunicación, a cooperación institucional e económica e a cultura son os ámbitos sobre os que actúa a lei. Ata o de agora, máis de 11 anos despois, os obxectivos da lei avanzaron con apenas resultados, xa que nunca se marcaron obxectivos anuais concretos para o cumprimento da mesma. Máis de 7.000 alumnos, a día de hoxe, entre EOI e secundaria estudan portugués en Galicia; implementando así as competencias das galegas e galegos cunha lingua estranxeira.

Asinado o día 02/10/2025 ás 13:20
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 02/10/2025 ás 13:19
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero a realidade é que a lei está "durmida" en cuanto a marcar obxectivos (fai apenas un ano que finalmente constituíron o Observatorio da Lusofonía que marcaba a lei) e coñecer detalladamente que actividades están a facer desde a Consellería de Cultura para cumprir cos artigos da lei, é unha tarefa cheas de meandros e recovecos, xa que as "actividades" das que informan desde a Consellería de Cultura son accións que están previstas ao marxe da propia lei.

Ademais, a Consellería debe elaborar un informe anual pormenorizado sobre as accións de cumprimento da lei, cos custos e previsións para o exercicio seguinte, e remitilo ao Parlamento.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un plan de obxectivos da Lei Paz Andrade cun orzamento.
2. Realizar informes cuantificados e cualificados da aplicación da Lei Paz Andrade.

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:22:01
Nº Rexistro: 35475
Data envío: 02/10/2025 13:22:01.008

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/10/2025 13:19:49**

**Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 13:20:00**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 13:20:08**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:22:01
Nº Rexistro: 35475
Data envío: 02/10/2025 13:22:01.008

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 13:22:01**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35489
Data envio: 02/10/2025 14:18:08.566

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/10/2
14:15
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª.**

O 19 de setembro de 2025 fixo dous anos que o noso portavoz, José Ramón Gómez Besteiro, defendía no Congreso en Madrid que o galego fose a lingua cooficial no Congreso.

Debatíase unha reforma do Regulamento do Congreso para permitir o uso das linguas cooficiais na Cámara.

Os deputados de Vox abandonaban o hemiciclo do Congreso ao arranque da sesión plenaria cando o noso portavoz, e deputado entón na Cámara, José Ramón Besteiro, estreaba o dereito a empregar as linguas cooficiais no debate parlamentario. E a lingua galega sonaba na primeira parte da súa intervención. Besteiro subira a tribuna a defender a proposta de reforma do Regulamento que daría vía libre para empregar o galego, o euskera e o catalán no Congreso. Deu os bos días en castelán e nas tres linguas, e agradeceu ao grupo socialista que fose el quen tiña a honra de defender este cometido: "é unha dobre honra facelo na miña lingua materna, o galego»; engadindo que tiña «a sorte de falar varios idiomas» e «como galego, dóeme que o partido que goberna en Galicia queira impedir que a nosa lingua se fale no Parlamento de España».

Asinado o día 02/10/2025 ás
14:15
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 02/10/2025 ás
14:15
Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde o grupo do PP, Borja Semper foi o encargado de comunicar o voto en contra da súa formación política, engadindo que o Partido Popular non ía “aceptar leccións” porque para os conservadores o que se estaba aprobando no Congreso “atentaban contra o común”.

Non deixa de ser triste que alguén como Núñez Feijóo que foi presidente da Xunta de Galicia durante case catro lexislaturas votase en contra do uso da súa propia lingua no epicentro da democracia institucional como é o Congreso.

Durante este tempo, houbo oportunidades nas que o galego se postulase como lingua cooficial no Parlamento Europeo. Desde o Ministerio de Asuntos Exteriores leváronse a cabo varios intentos para acadar un apoio maioritario das forzas políticas. Pero a vertente conservadora actuou como un freo nas diferentes negociacións, sendo os primeiros responsables os parlamentarios do Grupo Popular en Europa. Aínda que, no Parlamento galego, o Grupo Socialista conseguiu acadar a unanimidade da Cámara para apoiar que o galego fose lingua cooficial en Europa.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Demandar a cooficialidade do galego no Parlamento Europeo.

2. Remitir ao presidente do Partido Popular, Sr. Núñez Feijóo, unha petición explícita para que apoie a cooficialidade da lingua galega na Cámara europea

3. Solicitar ao Consello da Cultura Galega, á Real Academia Galega e ao Instituto Padre Sarmiento o apoio para argumentar, fronte aos grupos

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que conforman a Cámara europea, a cooficialidade do uso da lingua galega defendendo a súa historia, literatura e identidade cultural.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35489
Data envio: 02/10/2025 14:18:08.566

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 02/10/2025 14:15:14**

**Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 14:15:22**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 14:15:31**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35489
Data envio: 02/10/2025 14:18:08.566

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 14:18:09**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado o día 02/10/2 16:17 Por José Ramón Góm

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª.**

O inicio do curso escolar en Galicia trouxo, como era de esperar, diferentes situacións que deixaron abandonados a súa sorte ás familias de nenas e nenos con diversidade funcional.

Un dos casos con máis agravante é o do CEIP plurilingüe Vicente Otero Valcarcel de Carral. Poboación que xunto a outros concellos como Arteixo, Cambre, Culleredo Oleiros ou Abegondo conforman a área metropolitana coruñesa; e que son núcleos nos que está a aumentar o número de habitantes e, polo tanto, aumentan tamén diferentes tipos de necesidades.

A ANPA do colexio puxo en evidencia a falta de profesorado de apoio e coidador do alumnado con necesidades especiais, até o punto de que un alumno con un grado tres de dependencia lle foi denegado unha persoa coidadora na aula. Toda vez que o ano anterior ese mesmo alumno contaba con ese coidador dentro da aula.

A situación é aínda máis complexa xa que o centro conta con sesenta alumnos que tras unha avaliación levada a cabo polo profesorado, precisan (nalgunha medida) apoios e coidados dentro do ámbito da educación inclusiva. Con todo só trinta deses sesenta alumnos foron valorados.

Asinado o día 02/10/2025 ás 16:17 Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 02/10/2025 ás 16:16 Por Silvia Longueira Castro

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35495
Data envio: 02/10/2025 16:19:37.285



A outra metade dos alumnos (se ben na avaliación previa detectouse a necesidade dalgún tipo de apoio) aínda non foron valorados polos equipos específicos e, polo tanto, non terán nin profesor de apoio, nin coidador (se este último fose necesario).

Ademais, como diciamos no inicio desta exposición, a poboación de Carral está a aumentar ano a ano. Trátase de xente nova, parellas que esperan o seu primeiro fillo e que, polo tanto, serán escolarizados na vila. Todo indica que seguirá crecendo en poboación e en necesidades.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Proveer de persoal de apoio e coidadores ao CEIP plurilingüe Vicente Otero Valcárcel de Carral.

2. Planificar, de xeito inmediato, as necesidades dos colexios da área metropolitana da Coruña no eido da educación inclusiva.

3. Reunirse de xeito inmediato cos directores e directoras dos centros educativos da área metropolitana da Coruña para escoitar as demandas e necesidades dos centros de cara aos cursos futuros.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35495
Data envio: 02/10/2025 16:19:37.285

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/10/2025 16:16:52

Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 16:17:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 16:17:09

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35495
Data envio: 02/10/2025 16:19:37.285

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 16:19:40**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/10/2
16:35
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cambio climático é unha realidade que afecta tamén a Galicia, con ondas de calor máis frecuentes, episodios de chuvias extremas e maior vulnerabilidade das cidades e vilas. É necesario actuar desde a educación para formar xeracións concienciadas, pero tamén para que os propios centros educativos se convertan en espazos resilientes e exemplares.

Asinado o día 02/10/2025 ás
16:35
Por Silvia Longueira Castro

Experiencias como o programa *Escoles pel Clima* do Concello de Barcelona, financiado pola Unión Europea a través do programa Urban Innovation Action, demostraron que é posible avanzar cara a escolas máis sostibles mediante unha visión integral: alimentación de proximidade e saudable, redución e reutilización de residuos, aforro e eficiencia enerxética, redución do ruído e transformación dos patios en refuxios climáticos con máis sombra, vexetación e puntos de auga.

En Galicia contamos cun potencial enorme: unha rede educativa extensa, produtores locais de alimentos frescos, capacidade para desenvolver programas de compostaxe e biogás a pequena escala e unha estratexia de economía circular que debe tamén chegar aos centros escolares. Dende o PSdeG apostamos por fortalecer as cadeas alimentarias de quilómetro cero nos comedores escolares e por impulsar medidas de eficiencia enerxética e de redución de residuos.

Asinado o día 02/10/2025 ás
16:35
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:54:31
Nº Rexistro: 35507
Data envio: 02/10/2025 16:54:31.909

É o momento de dar un paso máis e poñer en marcha un programa galego de "Escolas polo Clima", impulsado e financiado pola Xunta de Galicia para converter os colexios e institutos en referentes de sustentabilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear e financiar un programa galego de "Escolas polo Clima", en colaboración cos concellos e a comunidade educativa, que promova a sustentabilidade nos centros escolares a través de medidas integrais en alimentación, enerxía, residuos, espazos verdes e adaptación climática.
2. Impulsar a alimentación sostible e de proximidade nos comedores escolares, priorizando produtos de quilómetro cero, frescos e con menos embalaxes, reducindo o despilfarro alimentario e fomentando sistemas de envases reutilizables.
3. Desenvolver plans de aforro e eficiencia enerxética en todos os centros escolares, incluíndo a instalación de enerxías renovables e a creación de comunidades enerxéticas locais onde sexa posible.
4. Poñer en marcha programas de prevención e xestión de residuos nos centros educativos, con recollida selectiva, compostaxe comunitaria e campañas de concienciación para alumnado e familias.

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:54:31
**Nº Rexistro: 35507**
Data envio: 02/10/2025 16:54:31.909

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 16:35:01**

**Silvia Longueira Castro na data 02/10/2025 16:35:08**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 16:35:15**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:54:31
**Nº Rexistro: 35507**
Data envio: 02/10/2025 16:54:31.909

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 16:54:32**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:54:50
Nº Rexistro: 35508
Data envío: 02/10/2025 16:54:50.595

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/10/2 16:35
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cambio climático é unha realidade que afecta tamén a Galicia, con ondas de calor máis frecuentes, episodios de chuvias extremas e maior vulnerabilidade das cidades e vilas. É necesario actuar desde a educación para formar xeracións concienciadas, pero tamén para que os propios centros educativos se convertan en espazos resilientes e exemplares.

Asinado o día 02/10/2025 ás 16:35
Por Silvia Longueira Castro

Experiencias como o programa *Escoles pel Clima* do Concello de Barcelona, financiado pola Unión Europea a través do programa Urban Innovation Action, demostraron que é posible avanzar cara a escolas máis sostibles mediante unha visión integral: alimentación de proximidade e saudable, redución e reutilización de residuos, aforro e eficiencia enerxética, redución do ruído e transformación dos patios en refuxios climáticos con máis sombra, vexetación e puntos de auga.

En Galicia contamos cun potencial enorme: unha rede educativa extensa, produtores locais de alimentos frescos, capacidade para desenvolver programas de compostaxe e biogás a pequena escala e unha estratexia de economía circular que debe tamén chegar aos centros escolares. Dende o PSdeG apostamos por fortalecer as cadeas alimentarias de quilómetro cero nos comedores escolares e por impulsar medidas de eficiencia enerxética e de redución de residuos.

Asinado o día 02/10/2025 ás 16:35
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É o momento de dar un paso máis e poñer en marcha un programa galego de “Escolas polo Clima”, impulsado e financiado pola Xunta de Galicia para converter os colexios e institutos en referentes de sustentabilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Habilitar unha liña de financiamento específica e plurianual para que os centros educativos galegos poidan desenvolver proxectos de “Escolas polo Clima”, garantindo recursos económicos suficientes para actuacións en materia de alimentación sostible, eficiencia enerxética, prevención de residuos e adaptación climática dos espazos.
2. Incorporar nos orzamentos da Xunta de Galicia unha partida nominativa destinada á creación e desenvolvemento do programa galego de “Escolas polo Clima”.

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:54:50
Nº Rexistro: 35508
Data envio: 02/10/2025 16:54:50.595

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 16:35:24**

**Silvia Longueira Castro na data 02/10/2025 16:35:31**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 16:35:40**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:54:50
Nº Rexistro: 35508
Data envío: 02/10/2025 16:54:50.595

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 16:54:51**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:55:05
Nº Rexistro: 35509
Data envio: 02/10/2025 16:55:05.303

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/10/2
16:36
Por José Ramón Gón

**Á MESA DO PARLAMENTO**

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cambio climático é unha realidade que afecta tamén a Galicia, con ondas de calor máis frecuentes, episodios de chuvias extremas e maior vulnerabilidade das cidades e vilas. É necesario actuar desde a educación para formar xeracións concienciadas, pero tamén para que os propios centros educativos se convertan en espazos resilientes e exemplares.

Asinado o día 02/10/2025 ás
16:35
Por Silvia Longueira Castro

Experiencias como o programa *Escoles pel Clima* do Concello de Barcelona, financiado pola Unión Europea a través do programa Urban Innovation Action, demostraron que é posible avanzar cara a escolas máis sostibles mediante unha visión integral: alimentación de proximidade e saudable, redución e reutilización de residuos, aforro e eficiencia enerxética, redución do ruído e transformación dos patios en refuxios climáticos con máis sombra, vexetación e puntos de auga.

En Galicia contamos cun potencial enorme: unha rede educativa extensa, produtores locais de alimentos frescos, capacidade para desenvolver programas de compostaxe e biogás a pequena escala e unha estratexia de economía circular que debe tamén chegar aos centros escolares. Dende o PSdeG apostamos por fortalecer as cadeas alimentarias de quilómetro cero nos comedores escolares e por impulsar medidas de eficiencia enerxética e de redución de residuos.

Asinado o día 02/10/2025 ás
16:35
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

É o momento de dar un paso máis e poñer en marcha un programa galego de "Escolas polo Clima", impulsado e financiado pola Xunta de Galicia para converter os colexios e institutos en referentes de sustentabilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a transformar os patios escolares en refuxios climáticos, incrementando zonas verdes, sombra e puntos de auga, para mellorar a adaptación fronte ás ondas de calor.

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:55:05
Nº Rexistro: 35509
Data envio: 02/10/2025 16:55:05.303

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 16:35:49**

**Silvia Longueira Castro na data 02/10/2025 16:35:57**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 16:36:04**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:55:05
Nº Rexistro: 35509
Data envio: 02/10/2025 16:55:05.303

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 16:55:05**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:33:28
Nº Rexistro: 35529
Data envio: 02/10/2025 17:33:28.740

Asinado o día 02/10/2
17:30
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade é un dereito básico que garante a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o desenvolvemento económico. Sen transporte público de calidade, as comarcas rurais sofren un dobre prexuízo: a dependencia obrigatoria do vehículo privado e o abandono institucional que impide fixar poboación e atraer investimentos.

Asinado o día 02/10/2025 ás
17:30
Por Carlos López Font

Na Costa da Morte, a situación do transporte público segue a ser un dos grandes impedimentos para o progreso. Exemplos recentes amosan a insuficiencia do servizo:

- No concello de Ames, as liñas metropolitanas de conexión con Santiago rexistran masificación en horas punta, deixando persoas usuarias nas paradas.
- En Camariñas, Fisterra ou Muxía, o transporte escolar non garante horarios nin prazas suficientes, obrigando ao alumnado a desprazarse en condicións inadecuadas.
- A autovía AG-55 continúa sen completar o seu trazado ata Cee, limitando a conectividade da comarca e xerando un agravio comparativo con outras zonas de Galicia.

Asinado o día 02/10/2025 ás
17:30
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:33:28
Nº Rexistro: 35529
Data envio: 02/10/2025 17:33:28.740



O caso máis paradigmático é o da liña Carballo – A Coruña, que debería ser a principal arteria de comunicación da comarca e, porén, funciona en condicións claramente deficientes:

- Moitos autobuses directos que chegan a Carballo desde Fisterra ou Muxía dispoñen xa de poucas ou ningunha praza libre, obrigando ás persoas usuarias de Carballo a esperar por outro bus.
- O seguinte servizo non é directo e tarda o dobre de tempo, convertendo un traxecto de apenas 30 km nunha viaxe longa e ineficiente.
- Na estación de autobuses da Coruña, a empresa concesionaria Arriva SL prioriza o embarque de viaxeiros con destino final en Fisterra, excluíndo a usuarios de destinos intermedios como Carballo. Esta práctica arbitraria non conta con cobertura legal, supón un trato desigual e resulta incompatible cun servizo público.

Este modelo non garante equidade nin eficacia, desincentiva o uso do transporte público e converte Carballo, capital económica da Costa da Morte, nun exemplo de como as malas decisións en materia de mobilidade penalizan a toda unha comarca.

En consecuencia, é urxente que a Xunta de Galicia, como autoridade competente en materia de transporte, actúe con decisión para corrixir esta situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:33:28
Nº Rexistro: 35529
Data envio: 02/10/2025 17:33:28.740

1. Garantir que todos os autobuses que teñen parada en Carballo dispoñan de prazas suficientes para as persoas usuarias desta localidade, establecendo control efectivo sobre as concesionarias.
2. Revisar e modificar as condicións de explotación da concesión da liña Carballo – A Coruña, prohibindo prácticas arbitrarias no embarque e asegurando o principio de igualdade de acceso ás prazas dispoñibles.
3. Incrementar as frecuencias de servizo directo entre Carballo e A Coruña, especialmente en horas punta, co obxectivo de reducir tempos de viaxe e ofrecer alternativas reais ao vehículo privado.
4. Adaptar os horarios do transporte escolar nas localidades da Costa da Morte (Camariñas, Fisterra, Muxía, etc.) para facelos compatibles cos horarios lectivos e garantir prazas suficientes para todo o alumnado.
5. Executar con carácter urxente a prolongación da autovía da Costa da Morte ata Cee, establecendo un calendario concreto de obras e a súa correspondente dotación orzamentaria, así como medidas de bonificación ou supresión das peaxes da AG-55.

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:33:28
Nº Rexistro: 35529
Data envio: 02/10/2025 17:33:28.740

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 02/10/2025 17:30:19**

**Carlos López Font na data 02/10/2025 17:30:26**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 17:30:34**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:33:28
Nº Rexistro: 35529
Data envio: 02/10/2025 17:33:28.740

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 17:33:29**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:36:17
Nº Rexistro: 35535
Data envío: 02/10/2025 17:36:17.121

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 02/10/202
Por Secundino Fernánde
Fernández

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a permanencia dos becerros na cadea galega de produción de carne.

Asinado o día 02/10/2025 ás 17:33
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción de carne de vacún en Galiza, e moi especialmente aquela que se realiza baixo a Indicación Xeográfica Protexida Tenreira Galega e a súa categoría Suprema, vive un momento de enorme preocupación. Nos últimos meses estase a intensificar unha tendencia que leva tempo xestándose: a venda masiva de gando maior e de becerros fóra do país, provocada polos prezos elevados que ofrecen matadoiros e intermediarios doutras comunidades. Esta situación está a provocar un baleirado progresivo das explotacións galegas, especialmente das máis pequenas e familiares, que se ven na obriga de vender para facer fronte aos seus custos, mesmo renunciando a manter animais de recría ou reprodutores que garantan a continuidade das granxas.

É precisamente esta dinámica, alimentada pola falta de apoio efectivo por parte da Xunta de Galiza, a que nos sitúa ante un escenario no que, a curto prazo, poderiamos quedarnos sen becerros suficientes para manter o ciclo produtivo propio. De continuar así, teremos que importar becerros de fóra, perderase a capacidade de abastecemento local e quedará en perigo a propia continuidade da IXP Tenreira Galega Suprema, que leva décadas sendo símbolo da calidade, do respecto polo medio e da produción ligada ao territorio.

Asinado o día 02/10/2025 ás 17:33
Por Sonia Vidal Lamas

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A realidade é que o modelo tradicional galego, baseado na recría en pastos, no aproveitamento de recursos naturais e na raza rubia galega e outras autóctonas, está a ser empurrado cara á desaparición por un sistema que prioriza a produción industrial, a homoxeneización dos produtos e a mercantilización extrema da alimentación. Cada vez é máis difícil para unha gandeira ou gandeiro manter novillas para a recría, apostar pola carne de calidade e non vender ao mellor postor, aínda que iso implique renunciar ao futuro da súa explotación. Porque a realidade é que moitas veces ese “mellor postor” chega desde fóra, con promesas de prezos imposibles de igualar por matadoiros galegos, sen que haxa desde o Goberno galego medida algunha para protexer a nosa capacidade produtiva.

Ao mesmo tempo, vemos como a propia IXP perde valor no mercado pola falta dunha estratexia clara de diferenciación e defensa. A Tenreira Galega Suprema, que naceu para dar saída a un modelo de produción respectuoso co animal, co medio e co territorio, está a ser igualada na práctica coa Tenreira Galega estándar, desvirtuando así todo o traballo das persoas produtoras que apostan pola excelencia. Non é aceptable que, mentres se enche a boca falando de calidade e produto galego, non se protexa nin se incentive ás explotacións que sosteñen esa calidade día a día.

Resulta evidente que, sen unha política pública activa e comprometida, a produción de carne de vacún galega está a perder o rumbo. Fáltanos unha estratexia clara que poña no centro aos gandeiros e gandeiras, que valore o seu traballo e lles dea ferramentas para seguir apostando por un modelo propio, sustentable e con futuro. Fáltannos mecanismos para garantir que os becerros que nacen en Galiza se queden aquí, se críen aquí, se ceban aquí e se transformen aquí. Fáltanos apoio á recría, incentivos á conservación das razas autóctonas e, sobre todo, decisión política para protexer un sector estratéxico para o país.



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:36:17
Nº Rexistro: 35535
Data envio: 02/10/2025 17:36:17.121

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo isto, desde o Grupo Parlamentar do BNG consideramos que é imprescindible que desde o Parlamento galego se impulse, con urxencia, unha resposta política clara, firme e estruturada que aposte polo mantemento do noso modelo gandeiro tradicional, que garanta a continuidade da Tenreira Galega Suprema e que recupere para Galiza o control sobre a súa produción de carne.

En definitiva, non se pode seguir permitindo que, e máis unha vez, o que nace e se traballa aquí, acabe por enriquecer a outros mentres nós quedamos sen futuro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Publicar anualmente un informe oficial e detallado sobre a produción de becerros, o destino dos mesmos (cebo interno, exportación a outras comunidades ou países) e a evolución do censo de vacas reprodutoras.

2. Establecer unha liña específica de axudas á recría de novillas en explotacións galegas, priorizando as razas autóctonas, co obxectivo de garantir a continuidade do censo reprodutor.

3. Vincular as subvencións públicas destinadas a gando vacún (incluídas as da IXP Tenreira Galega) á permanencia dos animais dentro da cadea de produción galega, introducindo cláusulas que eviten a súa venda fóra.

4. Poñer en marcha un programa de contratos tipo entre criadores de becerros e cebadeiros galegos, avalado pola administración, para garantir estabilidade de prezos, transparencia e permanencia dos animais no territorio.



CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

5. Activar campañas de promoción específicas para a Tenreira Galega Suprema, diferenciándoa claramente da categoría estándar, e poña recursos á disposición das cooperativas e pequenas explotacións para favorecer a súa comercialización directa.

6. Impulsar e constituír unha mesa de diálogo permanente entre a Xunta, as organizacións agrarias e os consellos reguladores das IXP para avaliar medidas urxentes contra a fuga de becerros e deseñar un Plan Galego de Vacún de Carne, con obxectivos medibles e prazo de execución".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:36:17
Nº Rexistro: 35535
Data envio: 02/10/2025 17:36:17.121

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Vidal Lamas na data 02/10/2025 17:33:35**

**Ariadna Fernández González na data 02/10/2025 17:33:42**

**Secundino Fernández Fernández na data 02/10/2025 17:34:04**

**Luis Bará Torres na data 02/10/2025 17:34:10**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 17:36:17
Nº Rexistro: 35535
Data envio: 02/10/2025 17:36:17.121

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 17:36:17**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 18:05:32
Nº Rexistro: 35541
Data envio: 02/10/2025 18:05:32.936

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 02/10/2 18:03
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **na Comisión 7ª.**

A vaga de lumes de agosto de 2025 deixou tras de si unha situación devastadora no rural galego: explotacións agrogandeiras arrasadas, soutos centenarios destruídos, viñedos calcinados, superficies de pastoreo queimadas e o sector da apicultura que non disporá durante varios anos de zonas de floración para alimento das avellas. As consecuencias económicas, sociais e ambientais son gravísimas e requiren unha resposta á altura.

Asinado o día 02/10/2025 ás 18:03
Por Lara Méndez López

A Xunta de Galicia aprobou diversas ordes de axuda, mais a realidade é que son insuficientes, inxustas e cargadas de burocracia

Se de verdade queremos profesionalizar o sector agrogandeiro, as axudas deben diferenciar entre explotacións de autoconsumo e aquelas profesionais rexistradas no REAGA. Son estas últimas as que sosteñen o noso rural e, polo tanto, deben recibir unha discriminación positiva para non fomentar a economía en B e garantir a viabilidade do sector.

Asinado o día 02/10/2025 ás 18:03
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Outro exemplo claro da desaxeitada formulación é o tope de 15.000 € para alimentación de gando, totalmente insuficiente para unha explotación media ou grande. Este límite debe adaptarse ás características reais das explotacións: número de cabezas, tipo de raza e necesidades alimentarias. Ademais, limitar estas axudas a só seis meses ignora factores como o clima e os tempos de recuperación dos pastos, que segundo expertos se pode prolongar moito máis.

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 18:05:32
Nº Rexistro: 35541
Data envio: 02/10/2025 18:05:32.936

Resulta tamén inxusto que as axudas sexan excluíntes aos seguros privados. Así, quen contratou un seguro recibe só a diferenza coa axuda da Xunta, mentres quen non asegurou nada recibe a compensación íntegra. Isto lanza unha mensaxe perigosa: desincentívase a contratación de seguros, cando se debería incentivar.

As axudas por perda de produción en froiteiras como castaños e viñas son absolutamente ridículas: limítanse a un ano, cando a realidade é que a recuperación dun souto ou dun viñedo pode levar anos. A perda de superficie de pastoreo nin sequera está prevista como perda de produción, malia ser un dano real e directo para moitas explotacións gandeiras.

Engádese, ademais, a incerteza sobre a percepción da PAC nos anos 2025, 2026 e 2027 para as explotacións situadas en zonas declaradas catastróficas. Sen garantías de continuidade, moitas explotacións poderían quedar ao bordo do peche.

Por último, cómpre destacar que os almacenistas, transformadores e obradoiros da castaña, especialmente na provincia de Ourense, van quedar sen materia prima autóctona na campaña 2025-2026 e non teñen ningún tipo de apoio. Isto supón un golpe mortal para pequenos obradoiros artesanais que xeran emprego e valor engadido no rural.

Por todo isto, é urxente e necesario revisar as liñas de axuda aprobadas, adaptándoas á realidade e garantindo que cumpran o seu obxectivo: apoiar ás persoas afectadas, soster a actividade económica e garantir o futuro do noso rural.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

1. Diferenciar entre explotacións de autoconsumo e profesionais rexistradas no REAGA, establecendo unha discriminación positiva para estas últimas.

2. Revisar e ampliar o tope de 15.000 € para alimentación do gando, adaptándoo ao tamaño e ás necesidades reais das explotacións.

3. Estender a duración das axudas de alimentación máis alá de seis meses, atendendo aos tempos reais de recuperación dos pastos.

4. Corrixir o criterio que fai ás axudas complementarias aos seguros privados, para que quen pagou un seguro non sexa penalizado.

5. Recoñecer a perda de produción en froiteiras como castaños e viñas con indemnizacións plurianuais proporcionais ao tempo de recuperación real.

6. Incluír a perda de superficie de pastoreo como concepto indemnizable nas axudas.

7. Garantir a percepción da PAC 2025-2027 para as explotacións situadas en zonas declaradas catastróficas.

8. Crear liñas específicas de apoio a almacenistas, transformadores e obradoiros da castaña, especialmente na provincia de Ourense, para paliar a falta de materia prima e garantir a continuidade da actividade.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 18:05:32
Nº Rexistro: 35541
Data envio: 02/10/2025 18:05:32.936

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/10/2025 18:03:00**

**Lara Méndez López na data 02/10/2025 18:03:08**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/10/2025 18:03:21**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 18:05:33**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35706
Data envío: 06/10/2025 14:04:19.688

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno da conselleira de Política Social e Igualdade** para explicar a situación na que se atopan os servizos públicos de atención ás persoas maiores e dependentes.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025

Asinado o día 06/10/2 13:59
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 06/10/2025 ás 13:59
Por Daniel Castro García

Asinado o día 06/10/2025 ás 13:59
Por Ana Pontón Mondelo

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35706
Data envio: 06/10/2025 14:04:19.688

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2025 13:59:44
Daniel Castro García na data 06/10/2025 13:59:50
Luis Bará Torres na data 06/10/2025 13:59:57
Olalla Rodil Fernández na data 06/10/2025 14:00:06
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/10/2025 14:00:18
Paulo Ríos Santomé na data 06/10/2025 14:00:28
Rosana Pérez Fernández na data 06/10/2025 14:00:35
Ariadna Fernández González na data 06/10/2025 14:00:43
Iria Carreira Pazos na data 06/10/2025 14:00:52
Secundino Fernández Fernández na data 06/10/2025 14:01:00
José Manuel Golpe Acuña na data 06/10/2025 14:01:08
Daniel Pérez López na data 06/10/2025 14:01:17
Carmela González Iglesias na data 06/10/2025 14:01:25
Sonia Vidal Lamas na data 06/10/2025 14:01:33
Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/10/2025 14:01:40
Óscar Insua Lema na data 06/10/2025 14:01:47
María Montserrat Prado Cores na data 06/10/2025 14:01:54
Ramón Fernández Alfonzo na data 06/10/2025 14:02:02
Alexandra Fernández Gómez na data 06/10/2025 14:02:09
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/10/2025 14:02:18
Mercedes Queixas Zas na data 06/10/2025 14:02:27
Cristina Fernández Davila na data 06/10/2025 14:02:33
Noa Presas Bergantiños na data 06/10/2025 14:02:39
Iago Suárez Fernández na data 06/10/2025 14:02:45
Iria Taibo Corsanego na data 06/10/2025 14:02:53

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35706
Data envio: 06/10/2025 14:04:19.688

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 14:04:21**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:13:05
Nº Rexistro: 35675
Data envio: 06/10/2025 11:13:05.026
Data 06/10/2025 11:13

**OFICIO**

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- da conselleira do Mar, para informar sobre **a avaliación das políticas pesqueiras europeas.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 06/10/2025 11:13:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 11:13:05
Nº Rexistro: 35675
Data envio: 06/10/2025 11:13:05.026

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 11:13:04**

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-do2i3oAK1-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/